


R G T

Revista Galega de Teatro Primavera 2008 Número 54



TEXTOS / 51

**XXXII Premi Born 2007
O SHOW DE KINSEY**

de
Jesús Díez

Tradución ao galego
de
Afonso Becerra de Becerreá

O VODEVIL DA ROBALIZA DESGRACIADA

Por Afonso Becerra de Becerreá

O Premio Born 07 tráenos, da man de Jesús Díez, unha actualización do xénero do vodevil. Aos avatares sexuais e sentimentais dun matrimonio engádense temas de arestora: os personaxes mediáticos, vítimas dun prestixio frívolo e pasaxeiro, os *gurús* do *new age* e da autoaxuda, os divulgadores pseudocientíficos con receitas para a felicidade... o sensacionalismo. *O Show de Kinsey* ten moitos atractivos para enganchar ao público, non só por tratarse da actualización dun xénero como o vodevil, que se caracteriza por conectar directamente co espectador, senón por reunir toda unha serie de ingredientes que o fan moi resultón e efectista. Por unha banda están todos eses momentos de comicidade conseguida non só co deseño das situacións, senón tamén a través da propia enxeñería lingüística. Chistes ben logrados, sutís, e unha mordacidade no uso da palabra que acaba por poñer en evidencia os novos xeitos de hipocrísia social que practican as clases acomodadas. Por outra banda, *O Show de Kinsey*, fai unha revisión, simpática á vez que crítica, da revolución sexual dos sesenta, a época hippie, o nacemento do ecoloxismo... a ambigüidade sexual fronte ás estruturas baseadas na heterosexualidade...

Outro dos temas sorprendentes polo seu especial tratamento, ademais dos xa citados da revolución hippie ou do modelo da familia heterosexual acomodada e feliz, é o da morte. Aquí introdúcese a través do personaxe de Harmonía, un espírito cachondo e irónico que desacraliza o final da vida e nos ofrece unha visión *happy flowers* sobre ese abismo do que tantas relixións se lucran. Harmonía, ademais, é un personaxe – holograma que manexa os fíos da comedia, e terma deles para que non acabe en drama!

Entre os ingredientes senlleiros do vodevil, as picardías sexuais enchen a peza de chiscadelas cómicas. Un matrimonio, celos, sospeitas, cornos, xogo de aparencias e falsidades, aventuras de cama, accidentes rocambolescos, chamadas inesperadas, chamadas en espera, entradas e saídas, presuntas chantaxes, filiacións indeterminadas... Unha dobre vida en biligüismo desharmónico, galego para a intimidade e o cotiá, e castelán para a proxección social. Ademais de escenas de vodevil como pode ser a parodia de Gilda, e as aparicións fantasmais da nai de Carolina. Escenas netamente metateatrais, protagonizadas por Harmonía, a nai de Carolina, quen, en distintas secuencias, oficia de presentadora da comedia e se dirixe directamente a nós, ao público, para anunciar algo, para bromear sobre as expectativas: “Estanse a preguntar se despois do fracaso estrepitoso da robaliza continuará a miña filla entestada en salvar o seu matrimonio... e por que?... Interésalles?”.

Unha metateatralidade reafirmada ao final da peza coa presenza de Arlecchino, e coa plena consciencia por parte dos personaxes de seren bonecos teatrais: “Xa saben, en canto deixen de pensar en nós [cóbrese o rostro coa máscara] desapareceremos.”

A estrutura, nun só acto, descomponse nun crebacabezas surrealista, cuxa disposición das secuencias produce, en moitos intres, sorpresas e abraio na recepción. A protagonista é Carolina, unha divulgadora sexolóxica que é famosa polo seu consultorio sentimental. Tamén o é, en segundo termo, o seu marido, Martiño, un psiquiatra polémico e célebre polos seus *best-sellers* e as súas aparicións estelares en programas de televisión. En torno á mediática parella xira a acción.

Todo acontece nunha soa tarde, no interior do chalé de Carolina e Martiño. Pero o tempo dramático dilátase e os espazos multiplícanse. Entramos e saímos, sen previo aviso, nos labirintos do soño de Carolina que, por veces, semella un pesadelo. E aí a estrutura da obra frágmenbase. A linearidade cronolóxica coa que soemos entender calquera historia cede en favor dunha contigüidade de momentos dispersos e diversos. Acontecementos que non sabemos, de primeiras, se teñen lugar ou ben pertencen ao soño da protagonista, ou se forman parte de antecedentes recuperados a xeito de *flashbacks*.

Os espazos da extraescena, por outra banda, exercen influencia directa sobre o desenvolvemento da acción. Arriba, nas habitacións, fóra, no xardín, ou ao outro lado dos múltiples teléfonos móbiles. Ata incluso aparecen espazos simultáneos que, consecuentemente, desdobran o tempo, co uso de dúas pantallas, fiestra e televisor, que interaccionan co aquí e agora do salón e da cociña do chalé. Así pois, hai unha unidade espazo-temporal que se dispara co emprego de diferentes artificios dramaturxicos e que multiplica os puntos de vista, os temas e as posibilidades de facerlle trampas ao público para sorprendelo e, sobre todo, para facernos que o pasemos moi ben.

Portas, escaleiras, arriba e abaixo, fóra e dentro, as pantallas, os teléfonos... crean un tránsito moi dinámico entre as secuencias que compoñen a trama en contigüidade e, por veces, en simultaneidade, outorgando o ritmo áxil e saltón típico da comedia.

A estratexia da robaliza coa que a protagonista pretendía salvar o seu matrimonio, quéimase. E ela acabará subindo soa para a habitación coa botella de champan. As cousas son como son, anque todo depende de como as tomemos! *O Show de Kinsey* invítanos a rilas.

*A Conchi
e aos nosos fillos*

PERSONAXES

CAROLINA, a filla. Sobre os corenta.

HARMONÍA, a nai. Un pouco máis de sesenta.

MARTIÑO, o marido de Carolina. Sobre os cincuenta.

O resto de personaxes que aparecen en escena serán interpretados por un mesmo actor, atractivo e atlético, duns trinta e cinco anos.

FRANCESCO, xoven amante de Harmonía, que nada máis aparece en imaxe, disfrazado de Arlequín.

PATRICIA, presentadora d'*EL SHOW DE KINSEY*, que nada máis aparece en imaxe.

PROFESORA MAIRENA, intelectual asexuada, que nada máis aparece en imaxe.

ESPAZO ESCÉNICO

Salón comedor, con cociña aberta, dun chalé ás aforas da cidade. Podería ser obra dun arquitecto de moda. Un espazo luminoso, diáfano, amoblado ao gusto dun matrimonio de profesionais liberais de renome.

Á esquerda do público, unha porta de vidro que dá ao xardín. A continuación, o espazo tecnificado e aséptico da cociña, cun frigorífico que se abre cara ao público sen deixar ver o interior. Sobre o vertedoiro e o mármore, nun panel lixeiramente oblicuo á boca do escenario, unha grande fiestra por onde se ven árbores e plantas. Ao fondo, case en perpendicular á cociña, o recibidor e a porta principal, tres ou catro chanzos por riba do salón. A porta principal dá á parte central do xardín, e tamén unha grande fiestra, que ocupa boa parte do fondo. Nos momentos indicados, esta ventá converterase nunha grande pantalla.

Hai unha mesa alta de vidro en primeiro termo, á beira da área da cociña. A parte dereita da escena ocúpaa o salón. Alí, quizais dous sofás enfrontados pero abertos ao público en compás, e un televisor grande no vértice de ambos. Detrás destes, unhas escaleiras que levan á planta superior. No lateral oblicuo deste lado dereito, uns andeis e un moble-bar. E, en primeirísimo termo, un corredor que leva ao resto de dependencias da planta baixa, e que se inicia cunha porta de acceso á habitación da serventa.

Solpor de primavera.

Carolina, vestida informalmente, estilo deportivo, senta no sofá cun dictáfono. Sobre a mesiña, un vaso de whisky.

CAROLINA [*Gravando*]: No te preocupe llorar a moco tendido. Pero no permitas que él se dé cuenta de tu desesperación. [*Bebe.*] El llanto es una magnífica terapia. [*Bebe.*] Y la música. Mi amiga Brigitte me dijo un día: -abrir comillas- “No conseguí retenerle, pero gracias a tu consejo tengo una sólida cultura musical.” -cerrar comillas- [*Pausa.*] Recibe mi más cálida solidaridad y mantenme informada. [*Detén a gravación. Bebe e vai ao portátil. Mira a pantalla. Grava.*] Carol 0603R2. Hostia, a robaliza! (*Detén a gravación e corre cara á cociña. Abre o forno.*) Uf, menos mal! [*Enxuga cun trapo o vapor das gafas.*] Non, Martiño, non. Esta noite non quero sentirche dicir: “Xa podes apagar o lume, vida: despois do negro xa non ven ningunha outra cor” [*Pecha o forno.*] Por miña nai que esta noite tocamos fondo. Xa está ben de asistentes chantaxistas e de “pásame o xel” no ximnasio..., doutor Celalla. Xa está ben de poñer en perigo o noso *modus vivendi*, o futuro dos nosos fillos e a nai que os pariu, unha servidora. Que quizais sexa un pouco puta, un pouco alcólica, pero cos pés na terra, *amor meu*. [*Soa o móbil. Apresúrase a buscalo entre os coxíns do sofá. Atópao “in extremis”*] Ola, *cariño*. Como estades?... Na litera?... non te preocupes, amor, moitos nenos méxanse na litera. Nada máis ten... once anos... Xa sei que se mexou en tódolos campamentos, pero se o seu pai, que é psiquiatra, non o puido solucionar, que queres que faga eu? [*Bebe.*] Xa se farán cargo os seus monitores... Ti? Axudante de monitor?... Velo? Sempre dixen.... Non, home, non. Non te van nomear axudante de monitor para que coides ao teu irmán. Axudante de monitor é unha responsabilidade moi seria... Non, non estás facendo o ridículo [*Bebe.*] Marisa tamén o comprende.... Namorado? Ha, ha, ha... Ai, que me parto. Marisa é a túa profesora de sociais e ten vinte cinco anos, vida.... Si, claro, esquecíame que ti xa tes catorce... Non sexas ridículo. Escribe ao meu consultorio e dareiche un par de consellos. [*Bebe.*] Moi ben, moi ben, entendido. Lémbtrate de enviarnos unha participación de casamento... Unha participación é.... É igual, deixémolo, xa falaremos cando volvades. Quéimaseme a robaliza... Un peixe, *cariño*. Dálle bicos a Xavier. E cóidao. Teño que colgar. Muá. [*Colga.*] Céntrate, Carolina. Onde estabas?

[*Pulsa unha tecla do portátil.*] Ah, si! 0603R2: Patética abandonada. [*Bebe o último grolo e sèrvese outro whisky.*] A ver, a ver... Abandonada, vinte oito anos... [*Sèrvese xeo na cociña.*] Purísima e desgraciadísima criatura miña. Que podo dicirche, que a túa retorcida cabeciña non saiba. [*Recupera o dictáfono e escoita a última parte gravada: "Hóstia, a robaliza!" Rebobina. Grava.*] 0603R2. Querida amiga: No puedo dejar de reconocer tu entrega y abnegación. Esa atención y cuidado del detalle, ese decoro virginal, esa disposición... maternal, diría yo... ¡APESTA A ZORRA CALCULADORA, A BEATA RASTRERA QUE SE HA METIDO HASTA LA MANO DEL MORTERO! [*Detén o dictáfono. Senta. Respira fondo. Bebe. Rebobina ata "decoro virxinal". Grava.*]... merecía una recompensa. Que él haya podido abandonar a un ser tan delicado como tú, y de esa manera tan brutal, sólo tiene una explicación: *No se hicieron las margaritas para el hocico de los cerdos...* Piensa, para tu consuelo, que por mucho que se vaya con esa chica al Caribe -por decir algo-, nunca podrá llenar con Príapo el vacío que dejó Afrodita, la Diosa del Amor. Que, por cierto, corre el rumor de que fue su madre... Recibe un beso y la admiración estremecida de tu amiga, *Carol*". [*Detén o dictáfono.*] Que te folle un peixe! Hóstia, o peixe! [*Corre cara a cociña. Abre o forno.*] Non, non, aínda se move... [*Enxuga as gafas.*] Martiño, esta noite espímonos todos! [*Leva o portátil ao sofá. Colle o móbil. Marca. Espera, mentres acaba de poñer a mesa.*] Martiño, onde carallo estás? Ponme dos nervios, este buzón dos collóns, doutor Celalla!... Ola, vida, son ELA, lémbreste?... Non te asustes polo que che direi: aínda que ti continuaras entrando a dicir boa noite aos nenos, hai días que marcharon de colonias. Ou sexa, que estamos sos... Puxen en práctica as miñas artes culinarias. Non é unha simple ameaza: teño unha robaliza no forno, unha botella de *Mumm* no frigorífico e vou sen roupa interior... Ven inmediatamente, *amor meu*, ou o meu peixiño e eu deixarámonos comer por outro... Esta mensaxe autodestruirase en breves segundos levándose por diante calquera vestixio de vida neste hemisferio. Ciao! [*Deixa caer o móbil no sofá. Continúa poñendo a mesa. Colle o dictáfono, pulsa unha tecla do portátil e le a pantalla.*] Carol 0603R3. Unha preocupada. Hóstia, que personal! [*Colga o dictáfono do colo. Grava ao mesmo tempo que vai poñendo a mesa.*] Permíteme que te diga, con rotundidad, que, en ningún caso, la frotación clitoridiana y el consiguiente orgasmo pueden ser motivo de pérdida de cabello... Muy al contrario, la excitación que producirá una frotación experimentada del clitoris -no hay frotación más experimentada que la propia- acelerará la circulación arterial, provocando un aumento de riego en los capilares. Esta misma finalidad es la que se persigue con los masajes del cuero cabelludo, antes de la aplicación de las lociones contra la caída del cabello. [*Soa o móbil. Detén a gravación.*] Si?... Ola, onde estás?... Na ducha?... Repito: onde estás?... Si, si, ultimamente vas moito ao ximnasio... Si, vida, coñézoo perfectamente, o teu estrés: son vítima. [*Colle dun andel un floreiro estilizado cunha rosa artificial. Cando se dá a volta para levalo á mesa, unha furna funeraria que repousa no mesmo andel esvara suavemente dun extremo ao outro.*] [*En voz baixa, sen xirarse cara ao moble.*] Mamá...! [*Ao teléfono.*] Non, nada... Tardarás moito?... Si, xa me dixeches que ías para a ducha, pero todo depende das veces que te aniques para recoller o xabrón.... Si, si... Perdoa que insista: tardarás moito?... A Dani na súa casa?... Xa. E quen é Dani?... Non me digas máis: compartides tamén o champú.... De acordo, de acordo, se che cadra de paso... [*Déixase caer no sofá e boquexa. Esaxerada.*] Por favor, non tardes. Ten piedade desta muller e da súa pobre robaliza.... Entendido, ata agora... *amor*. [*Colga.*] Cabronazo... [*Ao dictáfono,*

gravando.] En resumen: el frotamiento clitoridiano -entiendo que frecuente- y el ansiado orgasmo, no pueden ser el motivo de la caída del cabello... [*Boquexa.*] De todos modos, aunque lo fueran -y ésta es una opinión personal-, en la disyuntiva de tener que elegir entre la castidad y la alopecia, esta servidora, mi querida *Preocupada*, elegiría lo segundo sin pensárselo dos veces. [*Boquexa.*] Que tu clítoris esté satisfecho aunque tú tengas que llevar peluca. [*Con voz de sono.*] Perdona mi tono jocoso y recibe un cordial abrazo de *Carol*. [*Estarrícase, acomodase e dorme.*]

A escena vai quedando ás escuras ao ritmo dunha música india de sitar que crece de volume.

Luces artificiosas de cores moi vivas iluminan agora a fiestra da cociña, onde apareceu Harmonía, nai de Carolina, vestida cun sari turquesa con motivos dourados, un colar de xasmíns e unha penca pintada na fronte. A fiestra da cociña ábrese soa. Entra por ela unha suave néboa que dá ao cadro un toque espiritual e máxico. [En realidade, sería ideal que Harmonía fose un holograma.]

(A partir de agora, E ATA O FINAL DA OBRA, todos os compoñentes da posta en escena, especialmente a iluminación, han ter o tratamento e a textura dun soño.)

HARMONÍA [*Sorri, etérea, como proveniente dunha transubstanciación*]: Aquí me tes, cariño. [*Fai soar unha campaiña.*] En Bombai. Agora chámanlle Mumbai. Como cambiou todo! Merquei en Nova Deli unha monada con reminiscencias *hippies*. Revivirei a miña mocidade.... Carolina?... Incluso é posible que faga unhas viaxes lisérxicas.... Carolina... [*aspira forte*], non se che está queimando o peixe?... Estou axudando a Francesco a mercar teas para os seus novos deseños. En realidade, é unha excusa para volver a Goa. El merca sedas e eu fago unha *promenade* á miña promiscuidade transcendental. Xa sabes que eu era moi tántrica; pasaba o día facendo o amor. Nunca o meu *yoní* foi máis feliz.... Carolina?... Miña filla, de verdade que queres reavivar o teu matrimonio?... Aínda que che pareza mentira, amor, Martiño non acaba de saber se é carne ou peixe. [*Aspira de novo.*] Por certo, Martiño estáseche queimando. Carolina...?

De súpeto ábrese a porta principal, ao mesmo tempo que unha luz tan irreal como a anterior ilumina o resto da escena. Harmonía desaparece e a fiestra da cociña péchase. Carolina xace sobre o sofá.

Entra Martiño, embutido nun 'maillot' de licra con tirantes que se axusta ao corpo como unha segunda pel. Zapatillas deportivas, cinta na cabeza, gafas de sol ergonómicas e toalla ao colo. Nota deseguida que algo se queima e corre cara á cociña. Abre o forno. Sae un fume espeso. Abre a fiestra e a porta do xardín. Aventa, frenético, coa toalla.

MARTIÑO: Hostia, Carolina!!... Carolina, por Deus!! DESPOIS DO NEGRO XA NON VÉN NINGUNHA OUTRA COR!!

Escuro.

Tenuemente iluminado, pódese ver o corpo de Carolina repousando no sofá. De cando en vez, acomódase ou axítase.

A grande fiestra do fondo converteuse nunha grande pantalla onde aparecen imaxes dun set televisivo. Vemos a Carolina, a Martiño, e tamén a Patricia, presentadora do programa.

(Soarán risos enlatados despois dalgunhas réplicas: [R])

CAROLINA: Yo creo que los anacronismos de Martiño se verán reforzados si hablamos del primer punto del informe Kinsey: la masturbación. [R]

PATRICIA: Pues adelante con la masturbación. [R]

MARTIÑO: Si me permite...

PATRICIA: ¡Adelante! [R]

MARTIÑO: La excitación manual del sexo, el onanismo -término bíblico-...

PATRICIA: El asunto de Onán no era la masturbación, según creo, se corría fuera para no dejar preñada a la viuda de su hermano, con la que su padre le había obligado a casarse. [R] Era *coitus interruptus*.

MARTIÑO: La masturbación reúne tres aspectos que deben ponernos en prevención. La pornografía: casi siempre unida a la masturbación a través de la fantasía; la ausencia de afecto: al prescindir de la relación humana; y la falta de madurez: el individuo es atrapado por un impulso que le domina. Teniendo en cuenta que la masturbación es un acto que no enriquece al ser humano, va en contra de la inteligencia y con frecuencia produce sentimiento de culpa y frustración, podemos decir que se trata de un acto aberrante. Y, cuando es obsesivo, requiere incluso tratamiento farmacológico.

PATRICIA: Y, sin embargo, otros afirman que la masturbación debe practicarse libremente, sin sentimiento de culpa.

CAROLINA: Para ser justos, habría que decir que entre la tesis del doctor Celalla y la de aquel doctor alemán llamado -si no recuerdo mal-, Vogel, hay una clara diferencia a favor de Martiño.

[*Ao público.*] Déjenme que le defienda. [R] El tal doctor Vogel no se conformó con tratar como enfermos a los masturbadores, propuso la infibulación, aplicando una técnica consistente en pasarle al hombre un alambre de plata por el prepucio [*gritos de dor*] y a la mujer coserle, también con alambre de plata, los dos tercios superiores de la abertura vaginal [*gritos de dor*] y evitar así “el horrendo vicio de la masturbación”. [R]

PATRICIA: No es posible.

CAROLINA: Eso sucedía a finales del XVIII. La tesis de Martiño es más considerada, y algo más moderna. [R] La infibulación tuvo tal éxito que uno de los divulgadores de la técnica, el doctor Yellowiees, llegó a exclamar con entusiasmo: “Implantaré esta técnica a gran escala. **Alambraré** a todos los masturbadores.” [R]

PATRICIA: No puedo creerlo.

CAROLINA: Bueno, en aquellos tiempos, se consideraba que la masturbación era la causante de infinitos males. [*Moi rápida.*] Melancolía, histeria, impotencia, ceguera..., calvicie... [*Repasa coa mirada ao público.*] [R] Cardiopatías. Se llegó a describir un tipo específico de corazón: *el corazón del masturbador* [R]

MARTIÑO: Afortunadamente, algunos de esos temores eran infundados, pero las patologías psíquicas y funcionales son indiscutibles, así como algunas valoraciones morales.

Nun recadro da pantalla aparece un gráfico do Informe Kinsey. (Ver reproducción do gráfico na última páxina.)

CAROLINA: Martiño quiere decir que, según los resultados del Informe Kinsey –que él pone en duda–, el 92% de los hombres y el 62% de las mujeres, estarían enfermos.

MARTIÑO: No quiero decir exactamente eso..., lo que quiero decir es que...

CAROLINA: Lo que tú quieres decir, exactamente, es que el 92% de los hombres y el 62% de las mujeres, eran unos enfermos. [R] Pero, además, lo que quieres decir es que, de esos porcentajes, un 89 y un 64%, respectivamente [*sinala a pantalla*], eran algo más terrible: eran unos depravados, puesto que tenían fantasías sexuales mientras se masturbaban. [R] [*Con sorna.*] Depravado es el que pillas masturbándose viendo el telediario ¿eh, cariño? [R]

MARTIÑO [*Impertérito*]: La masturbación en el adulto, superada la natural curiosidad y fogosidad del adolescente, requiere indagar sus causas y evitar que se convierta en una patología crónica.

PATRICIA: Pues el orgasmo, en la mujer misma –salvo algún episodio en el climaterio–, dura toda la vida.

CAROLINA: Y en el hombre dura, lo que dura dura. [*R*]

O son dos risos fúndese e a imaxe tórnase borrosa ata desaparecer, ao mesmo tempo que nos chega suavemente, como de lonxe, o son dunha tarantela. A música achégase a primeiro termo 'in crescendo', acéndese o televisor do salón e na pantalla aparece Harmonía.

Carolina xa non está no sofá.

HARMONÍA: Ola, filla. A que non adiviñas onde estou, amor?... Se queres unha pista, acabamos de tomar un par de *negroni*.... Non o adiviñas? Estou en *Il Gabinetto Segreto* do Museo Arqueolóxico Nacional, en Nápoles, rodeada de falos. Como o ías adiviñar!... Encántame Nápoles. Francesco está a punto de crear unha nova colección de verán. Recupera as antigas túnicas. Imaxínate: semitransparentes, con grandes aberturas e decoradas con motivos fálicos. A presentación será en Pompella. A que é ideal?

Desaparece Harmonía e a cámara inicia un percorrido polas esculturas fálicas.

Soa o timbre da porta e o salón ilumínase con luz irreal á vez que o televisor se apaga. Carolina baixa as escaleiras.

CAROLINA: Vai, vai! Xa vai!

Leva un vestido de satén, aberto por un lado. Adiviñase o seu corpo nu. Resulta extremadamente sensual.

Abre. Entra Harmonía, envolta en néboa e cuberta coa túnica que acaba de describir por televisión.

HARMONÍA: Ola, amor meu.

CAROLINA: Ola, mamá.

Danse dous bicos.

HARMONÍA [*Entrando*]: Parece mentira, co que choveu desde entón.

CAROLINA: Si..., mamá?

HARMONÍA: Sabías que Francesco é veneciano, como Marco Polo?

CAROLINA: Non. Pensaba que era veneciano como Casanova.

HARMONÍA: Creme, *cariño*, unha xoia. [*Mirándose, estranada.*] Onde esta o meu...? Di Francesco que Marco Polo, nunha das súas viaxes, descubriu dúas illas preto do reino de *nonseiqué*, nas Indias, unha habitada nada máis por homes e a outra nada máis por mulleres e nenos. E que, unha vez ao ano, os homes cruzaban coas súas canoas a illa das mulleres e facían o amor con elas durante toda a noite.

CAROLINA: Vaia.

HARMONÍA: Ao día seguinte, os homes volvían á súa illa e marchaban con todos os nenos que xa fixeran os doce anos. Onde está o meu cesto?

CAROLINA: Como dis?

HARMONÍA: Imaxinas...?

CAROLINA: Que cesto?

HARMONÍA: Imaxinas como debía ser aquela noite?

CAROLINA: Si, mamá... Que cesto?

HARMONÍA: E imaxinas como debía ser a vida sexual das dúas illas o resto do ano? [*Por ela.*] Que apostas a que o deixei...

CAROLINA: Onde?

HARMONÍA: Mira se choveu desde entón... e continuamos sen entender o sexo.

CAROLINA: Alomenos semella que ti sempre o entendiches moi ben.

HARMONÍA: Maio do 68, estimada. “Fai o amor e non a guerra.” Por certo, pasamos dez días maravillosos en Ischia, mentres Francesco facía os esbozos da nova colección. Comenteicho? Presentaraa nas ruínas de Pompella, recitando Catulo. Sabías que Francesco foi primeiro actor de *commedia dell’arte*?

CAROLINA: Si, mamá. Francesco é un creador total, como Leonardo.

HARMONÍA: Da Vinci?

CAROLINA: Da Vinci.

HARMONÍA [*Dá unha volta sobre si mesma*]: Un botón de mostra.

CAROLINA: Estás espléndida. Se estivésemos nunha orxía, podería dicirse que vas de camuflaxe.

HARMONÍA [*Outra volta*]: Ui, váiseme a cabeza desde nos fixemos á mar en Capri [*Canta.*] –“*Capri c’est fini...*”, encántame Capri–, non paramos de tomar *limoncello*. Hai psiquiatras na costa?

CAROLINA: Martiño debe estar baixo a ducha.

HARMONÍA: Arriba?

CAROLINA: No clube. Chamoume hai un momento. Ía para a ducha.

HARMONÍA: Tardará, o xabrón é moi escorredizo.

CAROLINA: Mamá...

HARMONÍA: O problema de Martiño é que é incapaz de asumir a súa homosexualidade.

CAROLINA: Por favor, non volvas con iso.

HARMONÍA: Kinsey teríalle posto un cadro. Podes estar segura. Onde está o meu cesto?

CAROLINA: Pero que cesto?

HARMONÍA: Non me digas que perdiches o meu cesto?

CAROLINA: Que cesto nin que narices. Eu non perdín ningún cesto.

HARMONÍA [*Con sorna*]: Como lembrarás, no famoso informe sobre a “*Conduta sexual do home*”, Kinsey clasificaba o grao de homosexualidade de cero a seis.

CAROLINA: Si, mamá, déixao xa, queres? Foi a miña tesña.

HARMONÍA [*Mirando ao redor, estranada*]: Que faría eu co cesto?

CAROLINA: Non traías ningún cesto.

HARMONÍA [*Buscando absurdamente polo salón*]: Tiñas que ter coñecido ao teu pai.

CAROLINA: Si, non estaría mal.

HARMONÍA [*Mirando ao redor*]: Tédelo moi *mono*.

CAROLINA: Témolo como sempre.

HARMONÍA [*Deambulando*]: Bill..., Bill Masters.

CAROLINA: Bill Masters?

HARMONÍA: Teu pai.

CAROLINA: Agora Bill Masters?

HARMONÍA: Bill e Gini. William Masters e Virxinia Johnson. Teus pais: Masters and Johnson.

CAROLINA: Xa, encantada. E ti?

HARMONÍA: Unha pobre coelliña de Indias.

CAROLINA: Ooooh! Unha pobre coelliña de Indias.

HARMONÍA: Nunca mellor dito. Fun o mellor coelliño do seu laboratorio de St. Louis. Ben, unha coelliña de Iowa e eu.

Harmonía chegou xunto ao moble onde está a furna funeraria. Sorrí ao vela. Estira a man para tocala, ao mesmo tempo que Carolina inicia un xesto con intención de detela. Harmonía acariña a furna e mira sorrinte á súa filla.

CAROLINA: Non che dá aprensión?

HARMONÍA [*Dándolle unha palmadiña amistosa á furna antes de separarse dela*]: Non, que va! Se vivín... ata nunha barcaza no Ganxes.

CAROLINA [*Ri*]: Iso é certo.

HARMONÍA: Toolsie.

CAROLINA: Que?

HARMONÍA: A coelliña de Iowa. Chamábase Toolsie. A maioría defenderon a Bill e a Gini asegurando que nunca se sobrepasaran cos voluntarios que participaban nas súas investigacións sexolóxicas. Estupideces. Sobrepasábanse marabillosamente. Ti es a proba.

CAROLINA: Veña, mamá, marchaches para América cando eu acababa de facer catro anos. Son a túa biógrafa. E, por certo, non estaría nada mal ter o dato de quen foi o meu pai..., aunque fora por aproximación.

HARMONÍA [*Encóllese de hombros como dicindo, “que lle imos facer...”*]: En fin, como queiras. Se te resistes a aceptar que o teu marido é *homo*, ti mesma. Onde está

o meu cesto? El non terá nunca o valor para saír do armario. Coñeces algún psiquiatra que teña feito pública a súa homosexualidade?

CAROLINA: Os psiquiatras non acostuman a ser xente pública.

HARMONÍA: Coño! Pois o teu Martiniño, desque publicou *Laberinto de pasiones...*

CAROLINA: *Los laberintos del deseo.*

HARMONÍA: Desque o publicaron, é o faro de Alexandría. Loce constantemente: na tele, na radio, nas revistas...

CAROLINA: Mentres non faga pública a súa vida privada...

HARMONÍA: Arruinará a súa carreira... e probablemente a túa. Lémbraro, cariño.

CAROLINA: Aquela metedura de pata arranxarémola dunha ou doutra maneira. Non chegará o sangue ao río.

HARMONÍA: Porque non temos río.

CAROLINA: Continúa sendo o pai dos teus netos.

HARMONÍA: Continuará séndoo, pero é *anfíxeno*. Non se chama así, doutora? O complexo de castración. A muller con pene... a nai preedípica..., mocetes impúberes... Conclusión: apúntase a un ximnasio.

CAROLINA: Déixao estar, mamá.

HARMONÍA: Menudo é o Martiniño. Por non citar o seu increíble capítulo sobre a masturbación en *Laberinto de pasiones*. Onde está o meu cesto?

CAROLINA: Por favor, que cesto, mamá?

HARMONÍA [*Indo cara á porta da entrada.*]: Se te empeñas en reconducir ao Martiniño, terás que comezar por unha cea afrodisíaca. Trouxen de todo.

CAROLINA: Non necesito os teus potingues afrodisíacos.

HARMONÍA [*Abrindo a porta.*]: Sinceramente, Martiño debería de facerse psicanalizar por un colega.

CAROLINA: E que tal un *bono* familiar?

Harmonía, que abriu a porta, é engolida por unha espesa nube ata desaparecer por completo.

Xavier mexa na cama ata os once, o seu irmán quere casar coa profesora de sociais aos catorce, eu paso o día dando certos e transcendentos consellos a perfectos descoñecidos e Martiño, a personificación do siso, vive pechado nun armario. Sen esquecer á miña estimada nai, promiscua trotamundos que me asigna un pai diferente cada semana, porque lle é imposible saber quen daqueles barbudos de Amsterdam puxo o espermatozoide.

Resoa a voz de Harmonía.

HARMONÍA [off]: Non me estranaría nada que fora Théo.

CAROLINA [*Para ela mesma*]: Théo?

Escúrese a escena e a grande fiestra do fondo convértese en pantalla. Nela podemos ver a Patricia entrevistando a Harmonía.

PATRICIA: ¿Théo?

HARMONÍA: Sí, Théo me hizo conocer Ámsterdam... y a los Provos.

PATRICIA: ¿Los Provos?

HARMONÍA: Un movimiento imaginativo, liderado por artistas e intelectuales, que proponía, entre outras cosas, a liberación sexual; a creación de oficinas de asesoramento sobre o sexo; que reivindicaba a independencia e a liberdade da muller.

PATRICIA: Y allí estabas tú.

HARMONÍA: En primeira liña. [R] A la gente les hacía gracia sus propuestas. Como la de policías vestidos de blanco, dispuestos a auxiliar al ciudadano con cerillas, esparadraps, preservativos... [R]; o pintar de blanco las puertas de las casas deshabitadas, para que pudiera instalarse libremente en ellas todo aquél que lo deseara; cerrar el centro de la ciudad a la circulación e poner a disposición gratuita de los ciudadanos bicicletas blancas... Fueron muy sonadas sus acciones antinucleares... e tamén, ya entonces, ¡antitabaco!

PATRICIA: ¿En 1965?

HARMONÍA: ¿Qué te parece? Una visión futurista. Ámsterdam sería la “Ciudad Blanca”, en que todos los traballos estarían a cargo de máquinas e computadoras e sus habitantes se verían liberados do traballo, gozando de una vida plena e creativa.

PATRICIA: Una pasada.

*Desaparece a imaxe e a escena volve á posición anterior.
Harmonía aparece no linde da porta arrastrando unha estela de fume detrás seu. Leva unha lagosta nunha man e un cesto de bimbio na outra, da que asoman algunhas froitas: aguacate, manga, piña, menta fresca, dátiles...*

CAROLINA: Théo?

HARMONÍA: Théo. El creou o eslogan co que os Provos se presentaron ás primeiras eleccións municipais: “Vota Provo e verás que riso.” [*Esténdelle a lagosta.*]

CAROLINA [*Ri. Séntese ameazada pola lagosta*]: Que me dás?!

HARMONÍA: Unha lagosta... Francesco ten un gran danés que senta sobre as patas traseiras e toca o timbre da porta..., e o claxon e acende tamén as luces...

CAROLINA: Que listo!

HARMONÍA: “Que listo!”, díxenlle. “Non creas”, contestoume, “dálle coa pata, pero non ten nin idea de por que se acende a luz”.

CAROLINA: Xa.

HARMONÍA: A nós pásanos o mesmo co sexo. Somos como o gran danés de Francesco. Ten. [*Dálle o cesto.*] Sopa de ostras ao cava, lagosta erótica...

CAROLINA: A ti pareceche erótica?

HARMONÍA: ...e, para rematar, o filtro da potencia amorosa. [*Séntense dous toques de claxon.*] Oh! Francesco impacientase.

CAROLINA: O gran danés.

Carolina mira fixamente a lagosta. Harmonía dálle un bico á súa filla.

HARMONÍA: [*Marchando*]: O filtro da potencia amorosa: pasas de Corinto, framboesas, xenxibre... [*E desaparece na néboa. Carolina, inmóbil no centro da escena, continúa mirando fixamente a lagosta. A voz de Harmonía resoa, cada vez máis lonxana.*] ..., canela en rama, anís estrelado de Asia –*illicium verum!*–, auga de azar, infusión de baga de xenebro...

A luz irá descendendo ata o escuro total á vez que outro parlamento de Harmonía, máis coloquial, se aproxima, encabalgándose, ata chegar ao primeiro plano.

...faise un fondo de sopa, refogando, coa metade da manteiga, cen gramos de cenorias, medio porro e un cuarto de póla de apio. Engádese o *fumet* fino de peixe i déixase a medio lume ata a cocción dos ingredientes. Córtanse en xuliana o resto das legumes...

Púxose en marcha o televisor. Na pantalla, como nun típico programa de gastronomía, vemos a Harmonía, vestida de cociñeira diante dos fogóns, nun espléndido 'set' de cociña.

...e nun recipiente con tapa, como este, fanse suar a lume moi lento co resto da manteiga. A continuación engadirase o cava... e deixárase cocer ata reduci-lo á metade. [*Mira de súpeto cara á platea. Sorrí. Como explicando un segredo.*] Funme á India. Carolina non se educou comigo. Funme á India. Primeiro aos EEUU e despois á India. Ela estivo ao cargo de meu irmán. Pasabamos tempadas xuntas, pero, máis que unha nai, fun un mito para ela. Sufrín ao vela aferrarse á seguridade e ao confort, casando co paspán de Martiño. Diñeiro... fama... Todo o mundo aplaudiu o braguetazo. Pero eu estiven segura, desde o primeiro día, de que sería un fracaso. Xa ven, aquí estou, intentando botarlle unha man. [*Volve ao ton e actitude anteriores.*] Nestoutro caso teremos queuntado a crema a lume lento. Engadimos a xema... Ven? E traballámola continuamente cunha espátula de madeira. Así. Ven? Ata que a cubra...

Desaparece a imaxe do televisor e vólvese a iluminar a escena con luz irreal, á vez que se acenden as candeas que Carolina puxera sobre a mesa e a lámpada que colga sobre ela.

Carolina e Martiño están sentados, ceando. Carolina viste tal como a vimos anteriormente. É evidente que Martiño, sen abandonar o seu clasicismo, quere aparentar unha certa modernidade.

CAROLINA [*Acabando a frase iniciada pola nai*]: ...unha fina película de crema ligada.

MARTIÑO: Deliciosa.

CAROLINA: Despois, sumérxense as ostras no cava durante dous minutos. Notarás que non están cocidas de todo; nada máis ata que comezan a ondularse polas beiras.

MARTIÑO: Sopa de ostras ao cava. Deliciosa.

CAROLINA [*Ri*]: Por que fas tanto ruído?

MARTIÑO: Que se dean conta de que a miña amante esposa me preparou unha sopa para chupar os dedos.

CAROLINA [*Ri*]: Que se dea conta quen? Estamos illados. A varios quilómetros de...

MARTIÑO: [*Servindo champán*] Un brinde?

CAROLINA: [*Alzando a copa*] Un brinde.

MARTIÑO: Por aquel atardecer en Sunion.

CAROLINA: Por Sunion.

MARTIÑO: Polos acantilados de Dover.

CAROLINA: Por aquela ocasión na que as gaivotas nos marcharon co almorzo mentres nos bañabamos nus no Cabo de Creus.

MARTIÑO [*Protestando*]: Eu non estaba.

CAROLINA [*Rápida*]: Por aquel marabilloso *polvo* en Iguazú que nos trouxo a Carliños.

MARTIÑO: Aí si que estaba. Por Iguazú.

CAROLINA: Polas leccións de tango na trastenda d'El Boliche.

MARTIÑO: Polo tango!

Arrinca o son dun bandoneón cun tango arrabaldeiro. Martiño anóase o pano da mesa ao colo, ao estilo da pampa. Cun xesto convida a bailar a Carolina, que se lanza á pista de inmediato. Bailan. É evidente que tomaron leccións xuntos. Móbense con certa desenvoltura, sen que falten tropezóns e pisotóns. Rin. Evolúen polo salón nunha especie de borracheira danzante, mortos de risa, ata caer abrazados sobre o sofá. Rebuldan, acaríciáanse, bícanse. Bafexan. A luz languidece ao tempo que crece a música. Escuro.

CAROLINA [*Ri na escuridade*]: Máis champán!


Os risos de Carolina son afogados polo tango, que se converteu nunha especie de melopea sonora; música de pesadelo que, ao cabo de pouco cortárase como se a agulla dun pick-up patinara sobre o vinilo. De súpeto, ábrese a porta principal e acéndese a luz da cociña. É de noite, altas horas. Entra Martiño. Trae un bolso de deporte na man.

MARTIÑO [*Acende a luz do recibidor*]: Caro? [*Decátase inmediatamente de que algo se está queimando e corre cara á cociña. Abre o forno. Unha espesa fumareda sae del. Abre a fiestra e a porta que dá ao xardín. Co trapo de cociña aventa frenético o fume.*] Collóns, Carolina!! [*Sae ao salón e acende a luz. Gritando cara á escaleira.*] Carolina, por Deus!! DESPOIS DO NEGRO XA NON VÉN NINGUNHA OUTRA COR!!

Carolina, que está deitada no sofá, adurmiñada, incorpórase sobresaltada. De momento non sabe que pasa. Mira a Martiño con desconcerto.

CAROLINA: Merda, a robaliza!!!

Érguese do sofá e desaparece escaleiras arriba, xemendo.



MARTIÑO: Muller... [*Soa un móbil. É o de Martiño. Sácao do interior da chaqueta. Segue a Carolina ata ao pé da escaleira.*] Muller... non... [*Ao teléfono.*] Si...? Oh, Castro, menos mal..., perdóeme, crucei a súa receita coa dun caso de impotencia sobrevida. Un día infernal... Si, si, xa sei que iso seu é *pánico homosexual*, diagnostiqueillo eu.

Cambia a luz. Na vidreira do fondo, proxéctase a Escala Kinsey:

ESCALA KINSEY DE HETEROSEXUALIDAD Y HOMOSEXUALIDAD

- 0 -Exclusivamente experiencias heterosexuales*
- 1 -Predominantemente heterosexual y sólo incidentalmente homosexual*
- 2 -Predominantemente heterosexual, pero con experiencias homosexuales más que incidentales*
- 3 -Igualdad entre experiencias heterosexuales y homosexuales*
- 4 -Predominantemente homosexual, pero con experiencias heterosexuales más que incidentales*
- 5 -Predominantemente homosexual y sólo incidentalmente heterosexual*
- 6 -Exclusivamente experiencias homosexuales*

Martiño camiña diante da pantalla.

Non se preocupe, luns envíolle a medicación adecuada e xoves véxoo... Xa o tomou?... Que dose?!... Castro, por Deus!... Si, xa sei que é culpa miña. Descúlpeme. Si, unha erección de catro horas é unha señora erección. [*Ri nervioso.*] Non se preocupe, non lla cobrarei. [*Con xesto grave.*] Perdoe... Xa, xa... enténdoo, enténdoo..., pero o *pánico homosexual*, anque poda manifestarse cunha certa gravidade, non deixa de ser unha crise transitoria. Entende?

[Imaxes mudas de Carolina e Martiño no ‘set’, entrevistados por Patricia.]

Martiño, nervioso, pecha a porta do xardín e a fiestra da cociña.

Que esta persoa se dirixa a vostede con, digamos, **especial deferencia**, non quere dicir que... E anque quixera dicir. Faga vostede un aparte con el e fáelle con franqueza... Non, claro, non con esa erección... Pois anúleo, agravaría o equívoco. Síntoo moito. De momento, déase unha ducha fría..., unha infusión de tila... e calquera somnífero. Intente durmir e a erección desaparecerá. *[Soa un móbil. Martiño precipítase cara á chaqueta que guindou sobre o sofá e furga nela.]* Enténdoo. Mire, mellor que chame a miña secretaria e que lle faga un oco o luns. *[Acheга o outro móbil á orella.]* Tamén unha masturbación antes de... *[Ao novo móbil.]* Non, non é a ti. *[Ao paciente.]* Xa. Xa. *[Baixando a voz.]* Estou falando cun paciente. *[Ao paciente.]* Non, non dixen nada. *[Ao outro móbil.]* Dixen que estou falando cun paciente. *[Ao paciente.]* Non, non, se xa se masturbou repetidamente..., non dixen nada. Tampouco son demasiado partidario... Se me veu na televisión o mércores xa coñece a miña posición ante o onanismo..., ou sexa que... *[Ao outro móbil.]* Chámote aquí a uns minutos. *[Colga. Ao paciente.]* Onanismo, masturbación... Non veu *El Show de Kinsey*?

Martiño ‘mima’ a súa conversa telefónica mentres presenciamos a secuencia televisiva no ‘set’ que xa coñecemos, co neón d’“El Show de Kinsey” ao fondo.

Martiño, deambulando nervioso, pasará repetidas veces por diante da imaxe.

MARTIÑO: En principio, la escala en sí, descontextualizada, no tendría demasiado inconveniente en asumirla. En realidad, esa línea divisoria entre heterosexualidad y homosexualidad es sinuosa como una serpiente, y nuestra obligación es ir hostigando a la serpiente, obligándola a desplazarse hacia la derecha, es decir, hacia la normalidad, y que la heterosexualidad llegue a invadir todo el rectángulo.

PATRICIA: ¿Usted...? ¿Alguno de vosotros sería capaz de decir en qué columna se situaría? ¿Carol...? ¿Doctor...?

MARTIÑO: En absoluto. Yo soy un 0, por supuesto. [R]

PATRICIA *[Consultando as súas notas]:* Este dato es muy interesante: el 50% de los que sólo tenían EGB, el 58% de los bachilleres, y el 47% de los que cursaron estudios superiores, habían tenido alguna experiencia abiertamente homosexual, hasta alcanzar el orgasmo, si a los 35 años continuaban siendo solteros.

CAROLINA: Sí, esos datos corresponden a una encuesta realizada sobre la población masculina blanca. Pero yo, en cualquier caso, aunque sea mujer y negra... [R], me considero claramente un 1.

MARTIÑO: De tal palo...

CAROLINA: Mi madre se declaró siempre un 2. Siempre.

MARTIÑO: Esos datos son una fabulación. Aunque, en realidad, la pandemia vendría más tarde.

PATRICIA: El doctor Celalla no cree que sea posible, ¿y tú, *Carol*?

CAROLINA: La encuesta no ofrece dudas. Como también es cierto que esos porcentajes se incrementaron en los sesenta. Basta ver el ambiente de libertad sexual que reinaba al final de la década, en Woodstok-69, por ejemplo. He visto un montón de veces el documental del festival... Se ve a mi madre en varios planos..., tan llena de vida, tan libre... Siempre... acabo llorado... y sintiendo una tremenda envidia.

PATRICIA: Sí, el otro día nos hablaba con entusiasmo de Woodstok.

CAROLINA: ¡¿Tenéis contacto con ella?!

PATRICIA: Excepcionalmente.

CAROLINA: ¡Qué bien! [A *Martiño*.] ¿Lo ves? [R]. [A *Patricia*.] Nosotras nos vemos casi cada día.

PATRICIA: Por supuesto. Nos ha dicho que escribes su biografía.

CAROLINA: Voy buceando..., reconstruyendo... No creas que es fácil.

PATRICIA: Seguro que no lo es.

MARTIÑO: ¿En busca de referentes, querida?

PATRICIA: ¿Qué porcentajes cree que obtendríamos con la Escala Kinsey, aquí y ahora, doctor Celalla?

MARTIÑO: Aunque el nuestro sea un pueblo viril, no estamos a salvo de la marea de hedonismo y ambigüedad sexual en esta "sociedad del desafecto". Ese es el problema. En cuanto se pierden los referentes, el individuo se desorienta. [Mira a *Carolina*.] El referente del padre es muy importante y tú no has conocido al tuyo.

Enmudece o audio da proxección e a imaxe dilúese suavemente.

Xa... masturbouse?... Cantas veces? Que barbaridade! Que esaxeración! Pare, home, pare, pare... Xa, xa..., espantoso. Chame a miña secretaria e vémonos luns. Reláxese, teña un pouco de paciencia... e... estése quedo, eh? Síntoo..., síntoo moito. Boas noites e... desculpe. [*Colga. Guinda o móbil sobre a chaqueta. Vai cara á escaleira. Mira cara arriba. Soa o outro móbil. Cólleo.*] Siii...! [*Pausa.*] NON! [*Nun murmurio.*] Un paciente. [*Pausa.*] Si pode ser unha terapia, si. [*Vai cara ao moble bar a servirse un whisky.*] Non, non me contradigo. En ocasións masturbarse pode ser unha terapia, anque a maioría das veces se trate dunha pulsión instintiva, animal, dunha aberración. [*Vai cara á cociña. Baixa a voz.*] Si, anque eu o faga, é igualmente unha aberración. [*Pausa.*] Pois unha aberración exhibicionista. [*Abre o frigorífico e sèrvese xeo. Baixa máis a voz.*] Non, Carolina está. Foi arriba... Foi arriba chorando. [*Pausa.*] Non, non lle dixen nada, Dani. Aínda non lle dixen nada e xa se foi chorando. Imaxínate. [*Apaga a luz da cociña. Baixa aínda máis a voz.*] Non, Dani, non. Non me abafes, déixame respirar.

Comezaron a soar compases de PUT THE BLAME ON MAME, da película GILDA. A escena escurécese lentamente, mentres a música vai cubrindo a conversa de Martiño, a quen os propios comentarios sobre Carolina obríganos a baixar cada vez máis a voz.

Dani, teño a Carolina chorando como unha Magdalena por unha robaliza, un pobre impotente transitorio esperando, a punto dunha crise de ansiedade, unha receita que non chegará nunca, e outro que, por unha errónea inxesta masiva de *sildenafil*, leva todo o día facéndose pallas como un mono. Por favor, Dani, non me abafes! Chámote despois.

A escena vai quedando a escuras...

Si... si... Chámote despois. [*Pausa.*] Eu tamén.

Un potente foco caza a Carolina-Gilda na escaleira, deslizando polo seu brazo unha das súas longuísimas lubas negras; negras e longas como o seu vestido de satén; sinuosas como o seu corpo.

CAROLINA-GILDA [*Canta.*]:
***They once had a shootin' –
up in the klondike when they got Dan McGrew
Folks were puttin' the blame on –
the lady known as Lew
that's the story that went around,
but here's the real lowdown –***

Baixa as escaleiras, ao mesmo tempo que fai xirar a luba como unha hélice.

*Put the blame on mame boys,
put the blame on mame*

No centro do escenario, suxeitando a luba por ambos extremos e por enriba da súa cabeza; e xirándose a continuación para marcar o compás co cu.

*Mame did a dance called the Hichy-koo,
that's the thing that siew McGrew*

Sacode a luba como un látego, e déixao caer no chan.

*So you can, Put the blame on mame boys
PUT-THE-BLAME-ON-MAME*

Saúda entusiasmada aos aplausos gravados. Saca a outra luba e guíndalla ao público. O público pide máis. Arrinca o colar e guíndallo. Fai como se intentase baixarse a cremalleira. Boureo, risos.

CAROLINA-GILDA: Non se me dan ben as cremalleiras. Pero se alguén me axuda...

UNHA VOZ EN OFF: Queres que che axude eu?

Aparece un home de aspecto duro, con esmóquing, e suxeita a GILDA polo van.

HOME: Sinto ter que facer sito... pero, Johnny...

CAROLINA-GILDA: Déixame en paz!

HOME [*Tirando dela*]: Imos!

O HOME leva a CAROLINA-GILDA a un extremo do escenario e entrégalla a MARTIÑO-JOHNNY FARRELL. CAROLINA ri con actitude impúdica. O HOME desaparece.

MARTIÑO-JOHNNY [*Suxeitándoa con firmeza polo brazo*]: Pódese saber que pretendes?!

CAROLINA-GILDA: Agora todos saben o que sou. E iso debería facerte feliz, Johnny. Non ías ser ti o único en sabelo. Agora... todos saben que ao poderoso Johnny Farrell o enganaron. Que casou cunha...

MARTIÑO-JOHNNY solta a súa famosa labazada. CAROLINA-GILDA grita e xeme. MARTIÑO-JOHNNY vaise, mentres ela se cobre a cara coas mans e chora, ao mesmo tempo que o canón se pecha sobre a súa cabeza.

Escuro.

Soan de novo compases de Put the Blame on Mame.

Ábrese o frigorífico e sae Harmonía, en camisón e cunha cunca na man. Camiña cara ao proscenio ao mesmo tempo que leva unha cullerada á boca.

HARMONÍA: Illicium verum! [*Sorrí ao público, amplamente.*] Ola. Queren?... Son vostedes reais? [*Outra cullerada.*] Framboesas,..., pasas de Corinto..., humm... Xa o ven, isto parece un vodevil. Quizais tiñan demasiadas expectativas? [*Outra cullerada.*] Xenxibre..., azar..., mmm... Sóbeche como un verme... Estanse a preguntar se despois do fracaso estrepitoso da robaliza continuará a miña filla entestada en salvar o seu matrimonio... e por que?... Interésalles? [*Con menosprezo.*] En fin, se lles interesa... [*Outra cullerada.*] Delicioso... ese puntinho a canela... [*Transición.*] Voume. Pídemo o corpo. Xa se sabe, un cu inquedo. Agora estou aquí e nun segundo podería estar na bañeira dunha suite do *Gran Hotel Bohemia*, en Praga. Con espumiña e todo. E Francesco dentro. Mentres que vostedes... Pero ese é outro asunto... Como lles dicía, funme á India. Estivera en St. Louis, colaborando como voluntaria nas investigacións clínicas dos doutores William Masters e Virxinia Johnson. [*Outra cullerada.*] Masturbabámonos en pequenas salas privadas, conectadas a aparatos que medían as respostas fisiolóxicas, biolóxicas... Esas cousas. [*Outra cullerada.*] Medían o crecemento do peito durante o orgasmo, a contracción espasmódica..., a frecuencia cardíaca... E tamén os cambios orgánicos no coito...

A escena foi ficando ás escuras.

Harmonía e Patricia apareceron na pantalla do fondo, no 'set' d'El Show de Kinsey.

PATRICIA: Por lo que respecta a nuestro programa, la tuya es, sin duda, una vida ejemplar. [*R*] O sea que, de St. Louis, con todo ese bagaje, volaste, como dices, a la India en busca de un viaje espiritual, huyendo de la fea realidad. ¿No es así?

HARMONÍA: O buscando una realidad menos prosaica.

PATRICIA: Por ejemplo, a través del tantra.

HARMONÍA: Muy importante el tantra.

PATRICIA: Háblanos del sexo tántrico.

HARMONÍA: Lo explico en cuatro palabras. [*Ao público do plató.*] Ustedes pueden practicarlo aquí, o cuando vuelvan a casa, como quieran. [*R*] [*Á cámara.*] Y los que están en su casa, pueden ir haciéndolo al tiempo que lo voy explicando. [*R*]

PATRICIA: Ésta sí que va a ser una lección práctica. [R]

HARMONÍA: Como una receta gastronómica. [R] Muy bien. Para empezar, es imprescindible entender que el sexo es una meditación entre dos. Como mínimo. [R] O sea, nada de ir a la tuya, aquí te pillo, aquí te mato. [R] Si no cariño, al menos una actitud amistosa. [R] El acto sexual no es un monólogo. [R] Es un diálogo. Y en el acto sexual tántrico, el diálogo es el de la mujer con la Naturaleza a través del hombre y el del hombre con la Naturaleza a través de la mujer. [Pausa.] ¿Voy demasiado deprisa? [R] [Á cámara.] ¿Ya estáis dialogando con la Naturaleza a través de vuestra pareja? [R] No basta con decir que después regaréis las plantas. [R] Pues, bien, si habéis logrado dialogar con la Naturaleza a través de vuestra pareja, ahora sólo falta que os sintáis transportados por la corriente cósmica, en comunión con el Todo y suspendidos en la armonía del Universo. [R] El orgasmo es una pasada. [Risos e aplausos.]

PATRICIA: ¡No lo dudo! [R]

HARMONÍA: Es necesario que la energía cósmica y su cadencia sean transmitidas por Shakti, la mujer, a Shiva, el hombre, y viceversa; esa unión debe mantenerse al menos durante dos horas, hasta el estallido final, la ‘divina vibración’. [Transición.] O sea, que si alguno ha eyaculado ya, que se tome un respiro y vuelva a empezar. [R] Mínimo dos horas, guapos. [R]

PATRICIA: ¿De dónde saco yo dos horas libres que coincidan con dos horas libres de él, aislados del mundo exterior, sin “hoy he tenido un día durísimo”, y consiguiendo que no eyacule antes de tiempo? [Risos e aplausos.]

HARMONÍA: Pues, entonces, cariño, olvídate del tantra. [Risos e aplausos.]

PATRICIA: ¿Puede una permitirse, durante esas dos horas, algún que otro orgasmo? [R]

HARMONÍA: Shiva controla la eyaculación, mientras Shakti le transmite los ritmos cósmicos y se muestra lasciva, libertina, sin pudor... Los orgasmos de Shakti atizaran las llamas del placer divino. O sea, que sí: puedes acariciar tu *yoni* cuanto quieras. [R]

Esvaecen os risos e a imaxe ata desaparecer, mentres a escaleira se ilumina. Carolina baixa, aínda somnolenta. O salón está bañado por unha luz irreal, irisada, das primeiras horas do día. Ela vai cara á cociña. Viste camiseta e pantaloniños de satén e unha bata de seda de corte recto, que leva sen atar.

Vai á cociña e saca a bandexa do forno. Resopra, enfurecida. Déixaa con estrépito sobre o mármore. Plantada no medio da cociña, apreta os puños, brandindo unha espátula.

CAROLINA [*Afogado o grito*]: Mecágonas robaliza dos collóns! [*Dá media volta. Rasca como se se volvera tola.*] Mecágonas robaliza dos collóns! Pero quen me manda a min salvar nada?! [*Sae da cociña brandindo a espátula por riba da cabeza. Cruza o salón nunha frenética viaxe arriba e abaixo mentres renega con rabia pero en voz baixa.*] Quen coño me manda a min intentar reparar o que é irreparable? Quere ser maricón? Pois que o sexa! Bisexual? Hermafrodita? Adiante! Como se o fode un peixe! [*Comeza a recoller a mesa. Detense.*] Que patética, Carolina... querendo converter a auga en viño... e calcinando a unha pobre robaliza no forno crematorio! Que patética! Para que tanta pantomima?! Non debes ti por que un mecánico graxento te bote enriba da súa táboa rodante... e a golpes de pelve te arrastre por todo o taller, embriagada de carburante e de monóxido? [*Pausa.*] Si, Carolina, si. Debes por iso. E saír despedidos polo vado... enganchados como cans!!! ¡Oh, oh, oh, oh...! [*Un calafrío.*] Que booo! Iso é o que necesito [*soa o timbre da porta principal*]... un mecánico graxento! [*Vai cara á porta.*] Un mecánico graxento, por favor!

Abre. Enmarcado na porta hai un xardineiro, vestido exactamente como un xardineiro de catálogo de xardineiría: sombreiro, pano-mascariña ao colo, gafas de metacrilato na fronte, mandilón, lubas, botas... Leva ás costas unha mochila de sulfatar. É fermoso e atlético, e loce un amplo sorriso de dentrífico.

XARDINEIRO [*Alzando o seu sombreiro de palla*]: Bos días.

CAROLINA: Pedín un mecánico graxento.

XARDINEIRO: Como...?

CAROLINA: Agradezo moito a túa presenza, belo xardineiro, pero eu pedín un mecánico graxento.

XARDINEIRO: Non entendo...

CAROLINA: Pido un mecánico e aparece un xardineiro. Comprendes?

XARDINEIRO: Trouxen a mochila de sulfatar...

CAROLINA: Telo dito antes!... A mochila de sulfatar!... Que marabilla! Pasa!... Por favor, pasa, pasa!

O mozo está desconcertado. Carolina cólleo e faino entrar.

XARDINEIRO: Ti... Tiñamos quedado... que o sábado... sulfataría... as... as froiteiras...

CAROLINA [*Lévaos ata o centro do salón e logo afástase del*]: As froiteiras, claro! [*Detense e deixa esbarar a bata ata o chan*]. Sulfatar!... Sulfatar! [*Avanza cara a el con sensualidade*]. Xofre!... Ácido sulfúrico!... Sulfurosa!... Sulfurada!... [*Cólleo polo peito e atráeo cara a ela*]. Estou que me subo polas paredes! [*Colócalle a perna núa á altura do cinto*]. Calma este furor, xardineiro! Este furor que me abrasa!... Sulfátame!

Cóllelle unha man e obrígaos a acariciarlle a perna ata o nacemento da nádega, mentres lle dá bicos co furor anunciado. El perde o sombreiro e a estabilidade. Cae sobre a mochila como unha cascuda boca arriba. Ela lánzaselle enriba, cabalgándoo e, como unha 'mantis', devórao. Da boca do sulfatador sae un fume espeso e amarelo que os envolve.

Escuro.

Un foco caza a Harmonía no medio da nube amarela. Ela atravésaa pasando por riba dos dous corpos. Leva un vestido floreado, primaveral.

HARMONÍA: Eu aprendín o que era a tapa do delco o mesmo día que me fixeron o meu primeiro cambio de aceite. [*Sorri. Lembra con nostalxia*]. O día da miña posta a punto. [*Pausa*]. E menudo pistonazo! [*Ri*]. Ui! Perdón. [*Con picardía*]. O certo é que me puxen de graxa ata as cellas. [*Ri de forma contaxiosa*]. Pobre Carolina! [*Séntese rascar a bandexa do forno*]. O que na miña mocidade foi unha realidade, na súa foi un soño. [*Pausa*]. A liberdade sexual. Cantas cousas ficaron polo camiño e cantas se cruzaron nel. Algunhas terroríficas. [*Vai cara á cociña. Cambia a luz. Vemos a Carolina rascando a bandexa. Harmonía achégaselle e acariciálle os cabelos. Ela non semella decatarse*]. Pobre filla miña! No pouco tempo que a viron, vostedes xa a coñecen mellor que Martiño. “Como é posible?” –preguntáranse. Pois é posible porque agora, xusto agora, Martiño comezou a coñecerse a si mesmo. Imaxinen o retraso que leva o pobre rapaz. [*Pausa*]. Tamén se preguntarán: “Pero, como é posible, se é psiquiatra?” Eu tamén mo preguntei miles de veces. [*Abre o frigorífico*]. Creo que estudou a carreira coa esperanza de que o tratamento lle saíra de balde. [*Desaparece no interior do frigorífico e pecha a porta tras si*].

Escuro.

Na pantalla do fondo aparece Patricia no 'set'.

PATRICIA: Antes, en la primera parte de nuestra noche temática, en el apartado que hemos titulado *Cara a Cara*, tuvieron ustedes la ocasión de ver y escuchar al doctor Martiño Celalla, quien, como les decíamos, acaba de publicar *Los laberintos del deseo*. [*En pantalla, o libro. E imaxes de apoio ao seu currículum*]. Una obra que va camino de convertirse en un éxito editorial y que ya ha

creado una notable controversia. [*Pausa.*] Diremos –para los que no hayan podido presenciar la primera parte de nuestro show–, que el doctor Celalla es un eminente psiquiatra reconocido internacionalmente; [*consulta as súas notas*] que ha colaborado con numerosas universidades e instituciones mentales europeas y argentinas; es doctor honoris causa por la Universidad de La Plata y por la Universidad Egas Moniz, de Lisboa; profesor invitado en la Georgetown University, de Washington; y catedrático en nuestra Universidad Central. Preside, además, el Instituto para la Investigación de Socio–patologías Sexuales y Patrones de Conducta. [*Pausa.*] Pues, bien: cuando hace unas semanas intercambiábamos opiniones sobre el enfoque de este programa, el doctor Celalla nos reveló que su esposa –nuestra querida *Carol*, famosa divulgadora sexológica a la que todos ustedes conocen–, había obtenido su postgrado en Sexología precisamente con una tesina sobre el Informe Kinsey. Imagínense. ¿Qué podía ser más adecuado para nuestro show que poder contar con dos especialistas como ellos, que además comparten su propia experiencia sexual? Con el resultado, por cierto, de dos preciosos hijos.

Desaparece a imaxe da pantalla e ilumínase a escena.

CAROLINA [*Resopra con furia e lanza a espátula ao fregadeiro*]: *Mecágon* robaliza dos collóns! [*Sae da cociña intentando tranquilizarse.*] Non nos poñamos nerviosos. Calma. [*Comez a recoller a mesa.*] Se prefire as experiencias penetrantes..., cadaquen é dono de si mesmo. Podo estar eu en contra das experiencias penetrantes? Pois morra o conto! [*Aparenta tranquilizarse. Respira fondo.*] Ou sexa que, calma. Tranquiliémonos. Non imos facer disto un drama. Nin falar. [*Pausa. Nun grito afogado.*] PERO A MIN QUE NON ME FODA A VIDA!! [*Pausa. Falando con non se sabe quen.*] Que non nos salpiquen os seus xogos infantís e impotentes. Que non acabe saíndo do armario nunha gala televisiva, por favor. [*Transición.*] Si, claro, agora baixará feito un lamento. Que se pobre Carolina, que se pobre robaliza, que se pobre bilirrubina... [*Coloca o xerro de flores no moble. Nada máis darse a volta para volver á cociña, a furna funeraria desprázase ao longo do andel do moble. Sen xirarse.*] Mamáááá...!

Aparece Martiño pola escaleira, vestido co mesmo mono e co mesmo pano do xardineiro.

MARTIÑO [*Indo cara á porta de entrada*]: Caro, almorza sen min, cariño. Vou sulfatar. Despois dúchome, tomo algo e vou un rato ao ximnasio. [*Sae.*]

CAROLINA: Así, tan fresco?! [*Martiño está pechando a porta tras si.*] MARTIÑO!!

MARTIÑO [*Volvendo a aparecer*]: Si?

CAROLINA: Así, tan fresco?!

MARTIÑO: Non fai frío, *Caro*... máis ben...

CAROLINA: Preocúpame, Martiño.

MARTIÑO: De verdade que non.

E pecha a porta. Carolina está que se sobe polas paredes. Dá un par de voltas polo salón sen rumbo fixo. Sérvese un whisky e bébeo a grandes grolos. Camiño da cociña, oe soar un móbil. Vai ao sofá e levanta a chaqueta de Martiño. Localiza un móbil.

CAROLINA: Diga? [*Continúa soando un móbil. Solta o que ten e busca o outro. Atópao.*] Diga?... Diga... Non, o doutor non está. Se lle podo ser útil... Si?... Xa o entendo. Mellor que o chame luns... Si, si..., escóitoo atentamente. Vostede dirá... Caramba... que explícito! [*Ri con ganas.*] Vexo que, dentro da desgraza, aínda que *ela* estea decaída, vostede tómao con bo humor. [*Ri.*] Eu, a súa Viagra? Tamén vexo que bebeu vostede un pouquiño... bastante. [*Ri.*] É unha galantería ou un dato empírico?... Que excitante! [*Ri nerviosa.*] Caramba! Podería entregarme en corpo e alma á curación. [*Ri.*] Que voraz!... Acábame de poñer carne de galiña. [*Soa o timbre da porta. Carolina vai abrir mentres fala.*] Descúlpeme un momento. Chaman á doutora Viagra polo interfono. [*Ri. Polo que lle di o outro.*] Un momento, por favor. Non marche sen min!

Afoga unha gargallada e pon a chamada en espera. Abre a porta de par en par e, ao ver a Martiño, déixaa aberta e volve ao salón, agochando o móbil.

MARTIÑO [*Leva postas as gafas de sulfatar. Desde o linde*]: Vida...

CAROLINA [*Seca*]: Que?

MARTIÑO: Que che parece se imos a cear ao *Floro*? Gustaríame quitarche a espiñiña.

CAROLINA: Teño unha bandexa chea de espiñiñas.

MARTIÑO: Veña, *Caro*, non o tomes así. Recóllesme no ximnasio e imos ao *Floro*.

CAROLINA: Hoxe non tes que acompañar a Dani?

MARTIÑO: Dani?

CAROLINA: Si, Dani.

MARTIÑO: Dani, si. [*Pausa ostensible.*] Non.

Martiño dá media volta e vaise coa mochila ás costas. Carolina, desconcertada, desbloquea a chamada mentres pecha a porta.

CAROLINA: Está aí? Non marchou? [Ri.] Déixeo nas miñas mans. [Ri.] Ben, pois... *déixao* nas miñas mans... Non, non se conformou coa *substituta*, quería ver ao doutor... Quizais porque non era lesbiana. [Ri.]

MARTIÑO [*Entrando pola porta do xardín que dá á cociña*]: Non é mala idea.

CAROLINA: Vaia! [*Rápida. En voz baixa.*] Un momento. [*Pon a chamada en espera e xírase cara a Martiño agochando o móbil.*] O que?

MARTIÑO: O de Dani. Non é mala idea.

CAROLINA: Ti saberás se é mala idea ou non.

MARTIÑO: Quero dicir..., a túa idea de acompañar a Dani.

CAROLINA: A miña idea de acompañar a Dani?!

MARTIÑO: Non exactamente. Pero, que digo que non estaría mal que, se aparece, o acompañáramos á súa casa. Non nos custa nada, e así coñécelo. É un bo chaval. Moi agradable.

CAROLINA: Se é bo chaval e agradable... mira, sácasme un peso de enriba. Non me gustaría que caeses en mans... desaprensivas.

MARTIÑO: Estás ti... hoxe... un pouco... [*Pausa ostensible.*] Vou seguir. [*Dá media volta e desaparece.*]

CAROLINA [*Camiñando cara á porta do xardín. Ao móbil*]: Estás aí? [*Saíndo.*] Ben..., pois ti dirás cando comezamos as sesións...

A luz descende ata o escuro, encadeando coa que ilumina a porta do primeiro termo da dereita, pola que asoma Harmonía.

HARMONÍA: A habitación da criada. [*Sae.*] Agora lles explico. [*Leva un mandilón da serventa e un plumeiro na man.*] Quizais a vostedes lles sorprendeu a actitude da miña filla, tan tola. Nin tan sequera coñece a ese señor... o Barón de Pixafrouxa. [Ri.] Pois a min non me sorprendeu nada. Niso somos calcadiñas. [*Con finxido atoramento.*] Quero dicir que a min, cando teño un desgusto..., tamén me dá por aí. Case tanto como cando non o teño. [Ri.] É a única cousa que me calma. É fisiolóxico. A outras dálles polo chocolate... A min encántame o chocolate, non vaian pensar, pero non comparemos... [*Transición.*] En fin... [*sinala a porta pola que acaba de saír*], aquela é a habitación do crime; a da Sarita. [*Pausa.*] Quizais vai ser mellor que llelo explique desde o principio [*pasando o plumeiro*]: a miña filla recibiu un *mail*, na *web* da revista, dun mozo fogoso

que dicía que estaba farto de ser “politicamente correcto” e que, mentres se castigaba no ximnasio, soñaba con experimentar unha relación desinhibida cunha persoa madura. Asinaba: *O Atleta do Amor*. Unha peza así non a pescas cada día. E, claro, Carolina comeu toda a pesca, cana incluída. Ata lle enviaba agasallos pola asistentá. Sempre estaba con recadiños. E tantos chegou a enviarlle que o rapaz beneficiouse á pomba mensaxeira. [Pausa.] Descubriunos hai unhas semanas, aquí na casa, na habitación da moza. E..., así está Carolina: sen asistentá e sen cana. Con grande desgusto de Martiño, porque resulta que “Sarita, pese ao pouco tempo que levaba con nós, era como da familia” –dixo o meu xenro. O cal, pouco máis ou menos, quería dicir que fodía con ela. Que fodía pouco máis ou menos daquela maneira, pero que fodían. E vostedes perdoen. O eminente doutor Celalla, habitual dos medios de comunicación, intentando afirmar coa súa asistentá unha heterosexualidade que se derruba. E diso tamén se deu conta Carolina. [Detense.] –Que me di! O que oen. Xa lles dixen que isto era un vodevil–. Carolina sóuboo todo porque Sarita, aleccionada polo *Atleta do Amor*, ameaza con poñerlle unha denuncia ao meu xenro, o famoso psiquiatra, por acoso sexual continuado e violación. [Prosegue o labor co plumeiro.] Sarita, que é unha rapaza ilustrada, tivo a precaución de gardar unhas braguiñas con seme. Como o oen. [Pausa.] Doutra banda, e anque non mo queira recoñecer, Carolina sospeita hai tempo que Martiño é como mínimo un catro... Xa saben, Kinsey. [Pausa.] En fin, que Carolina, alarmada, entre un pouco de mala conciencia, un pouco de Hillary Clinton en defensa do “negocio” e un pouco de amor propio, puxo en marcha a súa estratexia da robaliza. [Detense.] É dicir, pactar íntima e civilizadamente con Martiño unha complicidade que permitise protexer o patrimonio e o *modus vivendi*. [Pausa.] E aquí estamos. Imaxínense. [Transición.] Saben o que penso? Que isto está necesitado unha catarse; que está encallado e que hai que comezar a dinamitalo dalgunha maneira. Tería sido mellor que o que chamara fose Dani, por exemplo. Abrir un camiño. [Para ela mesma.] Para comezar, non estaría mal. [Decidida.] Alomenos, sería divertido. [Vai ao sofá e sinala co plumeiro. Ao público...] Este é o móbil das chamadas persoais. [Pásalle o plumeiro e comeza a soar. Sorrí ao público, satisfeita, e marcha pola habitación da serventa.]

Cambia a iluminación, ao mesmo tempo que Carolina entra pola porta do xardín.

CAROLINA [Indo cara ao sofá]: Este cretino xa podía levar os móbiles enriba, coño. [Solta o que collera antes e busca o que está soando.] Coño cos telefoniños! [Cólleo.] Si...?... Neste momento, Martiño sulfata... Sulfata parásitos; indefensos parásitos que a cambio da súa codicia recibirán unha chuvía aceda. Máis ou menos como nosoutros... Si, son Carolina. E...? Si, sulfata no xardín. Aquí dentro non lle deixo. [Ri a súa propia graza, que semella ser celebrada polo seu interlocutor.] Ben, quedamos en que eu era Carolina, pero...e vostede? Vostede non pode ser tamén Carolina... Dani! Vaia, que casualidade! Hai un minuto falabamos de ti, Dani. Martiño propoñíame que pasase a recollelo ao ximnasio e que fósemos a xantar ao *Floro*. Coñeces *Floro*?... É un pecado. Un pecado non coñecelo e un pecado ir. [Soa o timbre da porta.] Perdoa, chaman á porta. Seguramente é Martiño... Un momento.

Pon a chamada en espera. Abre a porta de par en par. Efectivamente, é Martiño, vestido de xardineiro.

MARTIÑO [*Desde fóra*]: Cariño...

CAROLINA: Queeee?

MARTIÑO: Que che parece se imos xantar ao *Floro*? Gustaríame quitarche a espiñiña.

CAROLINA: Outra vez? Por favor, non me saques máis espiñiñas.

MARTIÑO: Veña, *Caro*, non o tomes así. Pásasme a recoller polo ximnasio e imos ao *Floro*.

CAROLINA [*Amosando o móbil*]: Xustamente iso lle estaba dicindo a Dani.

MARTIÑO: Dani?

CAROLINA: Si, Dani. Téño ao teléfono.

MARTIÑO: Dani, si. [*Pausa ostensible.*] Non.

Martiño dá media volta e marcha coa súa mochila ás costas. Carolina desbloquea a chamada mentres vai pechar a porta.

CAROLINA: Estás aquí?... Perdoa. Martiño está...non sei...para min que é o sulfato... Que dicíamos?... Xantar no *Floro*? Non, non, a culpa é miña. Non, perdoa, tal como o dixen quizais pareceu que planeáramos ir os tres... e non... [*Rápida.*] Pero encantaríame... De verdade... Oh, non, non! Se incluso Martiño o insinuou agora mesmo... Ben, tampouco teño moi claro que Martiño insinuara nada. En realidade, neste momento non teño nada claro a Martiño, no seu conxunto... En resume, Dani: encantaríame –encantaríanos– que viñeses a xantar con nós ao *Floro*. Gustaríame moito coñecerse. [*Ri por algunha cousa que lle di Dani.*] Claro, Dani, a mellor maneira de coñecerse é coas cartas sobre a mesa. A de *Floro* é espléndida... A carta. A carta de *Floro*. Espléndida. Tanto si che gusta a carne como se prefires o peixe. [*Soa de novo o timbre da porta.*] Vaia! Chaman. Martiño, que volve ao ataque. Espera un momento, por favor.

Pon a chamada en espera mentres vai abrir a porta. Abre. Non hai ninguén.

Martiño entra pola porta do xardín, xunto á cociña.

[Na escena que se desenvolve a continuación Martiño falará como se tivese a Carolina diante. Carolina, na porta principal, falará como se Martiño estivera no linde da porta principal.]

MARTIÑO [*Entrando*]: Non é mala idea.

CAROLINA: O queeee...?

MARTIÑO: O do Dani. Non é mala idea.

CAROLINA: Que o invitemos ao *Floro*?

MARTIÑO: Quero dicir... a túa idea de acompañar a Dani.

CAROLINA: A miña idea de acompañar a Dani?! [*Mostra o móbil.*] Agora mesmo lle estaba falando da TÚA IDEA de ir xantar ao *Floro*.

MARTIÑO: Non exactamente. Pero, que digo que non estaría mal que, se aparece, o acompañásemos a súa casa. Non nos custa nada, e así coñécelo. É un bo chaval. Moi agradable.

CAROLINA: Deixa de sulfatar, Martiño. Deixa agora mesmo de sulfatar. Non fas máis que repetirte. Estache afectando á cabeza. Dígoche que teño a Dani ao teléfono!

MARTIÑO: Estás ti... hoxe... un pouco... [*Pausa ostensible.*] Vou continuar. [*Sae.*]

CAROLINA [*Como saíndo detrás del*]: Martiño, coño, que che pasa?!

Escuro.

Ilumínase o primeiro termo do escenario á saída de Harmonía polo corredor da dereita.

HARMONÍA [*Saíndo apurada, a medio vestir*]: Desculpen. Un erro imperdoable. En que estaría eu pensando!... Esquecinme de Martiño. Cambiei o de Carolina, pero esquecinme de Martiño. E, claro, non cadraba. Ai! A idade, que nin tan só a min me perdoa... Ben, non pasa nada. Para o caso, é o mesmo... Vexamos: Irán os tres a xantar ao *Floro*. Créanme, iso está claro... E nós, que? Esperámoslos falando das nosas cousas ata que volvan, ou suspendemos o xantar e organizamos unha cea aquí?... Non hai máis cera ca a que arde... Non se preocupen, eu encárgome de todo. [*Soa o teléfono sen fíos. A luz de escena sobe de intensidade. A porta da casa continúa aberta.*] Coño, coas chamadas! Isto é un non parar! [*Harmonía camiña cara á porta principal. Sinala o teléfono.*] Carliños. [*Carolina entra correndo pola mesma porta. Roza á súa nai ao pasar; sen darse conta.*] Eh! Queres matarme outra vez?! [*Carolina descolga.*] Non hai peor cego que aquel que non quere oír. [*Sae.*]

CAROLINA: Si...?... Ola, cariño! Como estades?... Hai un momento eu estaba no xardín... vendo sulfatar ao teu pai..., que non sei... está raro... Síntoo, deixei o móbil arriba... Que baixades! Como que baixades? Atópaste ben? Púxose malo Xavier? Fíxose dano? Onde está?... Pois si que mexa ese neno... Pero, que tontería estás dicindo?... E qué que baixe Marisa! Marisa baixará a darlle a teta ao seu neno... Amor meu, é unha metáfora. Xa sei que non ten ningún bebé... Vichesllas e non son unha metáfora? Que gracioso é o meu neno. Ti sabes o que nos custou a matrícula e a cantidade de teclas que tivo que tocar o teu pai? [*Severa.*] Xa está ben de tonterías. Coida do teu irmán. E que me chame Marisa. Mellor: envíame un *esemese* co seu número de móbil.

De acordo? [*Separa o auricular da orela.*] Colgoume! [*Mirando o teléfono.*] Ás veces, es un fillo de túa nai! [*Transición. Sorrinte.*] Mans á obra! [*Colga. Busca un número nunha axenda que está á beira do teléfono. Descolga e marca. Pasea polo salón con sorriso maléfico.*] Floro?... Necesitaría unha mesa para tres. Como o tedes?... Si, esta mediodía... Non?... Fatal?... Es Mariano?... Xa me parecía... Mariano, cariño, son eu, Carolina, [*con xesto estelar*] “Carol”!... Si, si, o doutor está moi... está moi ben. Todos estupendos... Si, si... Tres... Ao lado da fiestra do fondo?... Perfecto. Alí estaremos moi ben. Es un encanto.

E xusto cando di ‘encanto’, séntese unha espectacular explosión no xardín. Ao momento, unha fumareda negra entra pola porta aberta.

Coño!! [*Deixa caer o teléfono.*] Martiño!? [*Carolina corre cara á porta e desaparece dentro da nube.*] Martiño?!

MARTIÑO [*Desde o xardín*]: Aaaah! Socorro! Aaaah, aaaah, aaaah...!

Mentres chegan desde o xardín gritos melodramáticos de Martiño, a luz da escena vai descendendo ata o escuro total.

Cego! Quedei cego! Non vexo nada! Completamente cego!

CAROLINA [*Desde o xardín*]: Pero, Martiño, que pasou?! Que coño fixeches!? Martiño, hóstia!!

MARTIÑO: Carolina! Carolina?! [*Pausa.*] Caro! Caro! Quedei cego!

Os lamentos e xemidos de Martiño enlazan cunha música tipo Mischa Spoliansky en “Las minas del Rey Salomón”.

Un canón caza a Harmonía, enmarcada na porta principal. Non hai ningunha dúbida de que se vestiu para un safari.

HARMONÍA: Menudo bombazo! Fóiseme a man. [*Sorri, encolléndose de hombros. Avanza cara ao primeiro termo do escenario.*] Non o podo evitar. Martiño ponme dos nervios. Non é que lle teña especial manía, pero ponme dos nervios... Marcho con Francesco a Kenia. A celebrar o noso cuarto mortuorio e a saudar a Ngataruk, que continúa no fondo do lago... Noutro momento xa llelo contarei. [*Xira sobre si mesma.*] Parécelles ben o modeloiño?... Non se preocupen, non os deixarei abandonados agora que estamos metidos en materia. Estarei de volta antes de que se dean conta. A relación espazo-tempo non é a mesma para vostedes que para min. Xa o terán notado.

Escuro. Música.

Na gran pantalla, imaxes do ‘set’ co neón caligráfico d’El Show de Kinsey. Imaxes superpostas de Patricia avanzando polos corredores interiores cara ao ‘set’.

VOZ EN OFF: De nuevo, con todos ustedes, la conductora de nuestro show, Patricia Almeda.

En medio dunha gran ovación, aparece Patricia. Saúda ao público.

PATRICIA: Hemos querido tener también para nuestro SHOW DE KINSEY a otro miembro extraordinario de esa gran familia: la madre de *Carol*, que fue un ejemplo viviente de la revolución sexual de los sesenta. Un ser extraordinario. Que fue extraordinario y que, a pesar de que hace ya algunos años que nos abandonó, sigue siendo un ser extraordinario. Permítanme que me explique. [*Pausa.*] Harmonía murió al fallar el motor de la avioneta en la que viajaba y precipitarse en las aguas del lago Rodolfo, actualmente lago Turkana. Estaba en África, en Kenia, colaborando con una ONG. [*Pausa.*] Harmonía fue una reina de la ‘década prodigiosa’. Estuvo en primera línea en el mayo francés y fue una entusiasta activista de la revolución sexual. [*R*] Conoció también el movimiento estudiantil en EEUU... y fue una entusiasta activista de la revolución sexual. [*R*] Les diré más, colaboró con los doctores Masters y Johnson, en St. Louis..., y... [*R*] viajó a la India en busca del *tantra*. [*R*] O sea, que Harmonía fue, a lo largo de casi toda su vida, una entusiasta activista de la revolución sexual. [*R*] Como dice la propia Harmonía: “La Humanidad ha de encontrar su punto G. El sexo sigue siendo una asignatura pendiente.” [*Pausa dramática.*] Esta noche..., no digo en vivo... ¡pero sí en directo...! ¡con todos ustedes...! ¡HARMONÍA!

Música. Luz. Enxordecedores aplausos.

Sae Harmonía, radiante, elegantemente vestida de negro. Saúda ao público. Avanza cara a Patricia. Dánse uns bicos.

PATRICIA: No sé si preguntarle cómo está, Harmonía. [*R*]

HARMONÍA: Por favor, tutéame.

PATRICIA: Oh, muy amable... Bien... ¿cómo estás?

HARMONÍA: Muerta. [*R*]

PATRICIA [*Aparta un pouco para contemplala*]: Pues..., se te ve espléndida. Es un gran estímulo para todos nosotros comprobar que no todo acaba con la muerte. [*R*]

HARMONÍA: Sí, claro..., no todo acaba con la muerte..., sólo la vida. [*R*]

PATRICIA [*Levándoa ata o sillón*]: Ven, por favor, siéntate.

Harmonía acomódase no sillón. Patricia tamén senta.

¿Sólo la vida, Harmonía?

HARMONÍA: Nada menos que la vida. Me hubiera gustado equivocarme, pero no existe ninguna proporción entre la complejidad de la vida y la simplicidad de la muerte... Perdón, no quiero ponerme trascendente, que ya me conozco. [*R*]

PATRICIA [*Rí*]: Bien... Pues, háganos del accidente. Estabais en Kenia...

HARMONÍA: Sí. En el valle del Gran Rift, trabajando en un plan de construcción de presas para aliviar los efectos de la sequía. Presas y balsas, para recoger el agua de lluvia.

PATRICIA: Ya.

HARMONÍA: Habíamos... convencido a Ngataruk..., un terrible guerrero en su juventud, que se había convertido en el líder natural de un poblado remoto del Rift...; un hombre imponente, vestido con su *shuka* granate, erguido y alto como su lanza, y con el cuerpo tatuado de cicatrices...; le habíamos convencido, digo, para que montara por primera vez en su vida en una avioneta y comprobara, a vista de pájaro, el agua que habíamos conseguido almacenar de las últimas lluvias de mayo. Pretendíamos convencer a hombres con ascendencia sobre sus poblados, como Ngataruk, vencer sus reticencias. No veían nada claro lo de las balsas y presas, no creían que pudieran aliviar sus dificultades, ni modificar lo más mínimo su destino. Y lo de la albañilería, lo de construir ellos las balsas, llegaba a herir incluso su orgullo de pastores nómadas.

PATRICIA: Terrible. Como si aún no hubieran alcanzado la Edad de Piedra... En fin..., lo montasteis en la avioneta... ¿y?...

HARMONÍA: Pues..., ya sabes..., una bandada de garzas Goliath se levanta al mismo tiempo que la avioneta, algunas se golpean contra la hélice, falla el motor y capotamos.

PATRICIA: Caísteis al lago.

HARMONÍA: El ala de mi costado golpeó en el agua y nos vimos inmediatamente bocabajo. Y al poco, el avión se hundía lentamente, como si viajáramos en un ascensor panorámico. [*R*]

PATRICIA: Se dijo que, seguramente, los cocodrilos fueron los culpables de que no pudierais salir de allí.

HARMONÍA: Aparecieron inmediatamente en manada. Es el lago con la mayor población de cocodrilos del mundo. Cocodrilos enormes.

PATRICIA: Terrible.

HARMONÍA: El Ministerio del Agua nos había dejado una avioneta más vieja que yo y enseguida empezó a entrar agua. Y mientras Rudolf, el piloto, intentaba utilizar la radio y el resto nos descolgábamos de nuestros asientos como podíamos, empezaron a saltar chispas y aquello se llenó de humo...

PATRICIA: Y los cocodrilos allí afuera.

HARMONÍA: Cuando no les veíamos, les oíamos rozar la avioneta y dar coletazos.

PATRICIA: ¡Terrorífico! ¡Menos mal que no pudieron entrar!

HARMONÍA: Sí, Patricia, menos mal. [R] Si hubieran roto un cristal, ahora no estaría tan presentable. [R]

PATRICIA: No sé cómo puedes bromear. ¡Qué pánico!

HARMONÍA: Pues..., no lo creerás, pero, una extraña calma se apoderó de todos nosotros. Hablábamos sabiendo que no teníamos salida, pero nuestra actitud era como si sólo se nos hubiera pinchado una rueda. [R]

PATRICIA: No puedo creerlo.

HARMONÍA: ¿Lo ves? [R] Rudolf, decía: “Antes el lago se llamaba como yo: Rudolf. Pues, ¿qué mejor tumba? La cuna de la Humanidad. Seré el nuevo *Niño del lago Turkana*.” [R] Ya sabes.

PATRICIA: No..., no sé. [R]

HARMONÍA: El *Niño de Turkana*..., el *Homo rudolfensis*, el *Homo erectus*..., considerado el antepasado directo del *Homo sapiens*, es decir, nuestro antepasado. O sea, en pocas palabras: África. De la cuna de la Humanidad al culo del mundo. [R.] [*Harmonía expresa a súa estrañeza polos risos.*]

PATRICIA [R]: Perdón... ¿Quiénes ibais en la avioneta? Rudolf, el jefe turkano...

HARMONÍA: Iba también Johan van Kostel, un ingeniero holandés que ya había construido algunas presas y era el único que se entendía con ellos... Los turkanos no hablan casi maa, que es la lengua de los maasai, ni el kiswahili.

PATRICIA: Ya... ¿Y no te olvidas de alguien que también viajaba con vosotros?

HARMONÍA: En absoluto: Francesco Buonarroti... Había viajado con nosotros desde Nairobi. No le conocía... Francesco había establecido un comercio muy interesante para las diferentes tribus. En colaboración con comerciantes europeos y norteamericanos, entregaba gratuitamente a las tribus un cargamento de cuentas de colores y el material necesario para hacer collares, pendientes, brazaletes..., y después les compraba toda la producción a un precio justo, haciéndose cargo también de los aranceles, los fletes y todo eso. [*Cun sorriso amplo.*] Un tipo estupendo. Imaginativo, inquieto..., sentimental...

PATRICIA: Que ha resultado ser el gran amor...

HARMONÍA: De mi muerte. [R]

PATRICIA [R]: Sí, claro... Y eso a pesar –perdona– de la diferencia de edad.

HARMONÍA: ¿La edad? En el mundo de los espíritus, los más bellos acostumbran a ser los de más edad. El reverso de la vida. [*Transición.*] En el último momento nos abrazamos...

PATRICIA: ...y ahí acabó todo.

HARMONÍA: No, ahí empezó todo. [R] Pero, antes de eso, cuando nos hundíamos lentamente en aquel “mar de jade”, en aquella luminiscencia verdosa atravesada por el sol y por los cocodrilos y sus sombras, Ngataruk empezó a cantar. Bueno, no exactamente. Al principio emitía un sonido grave, tembloroso, con los dientes apretados... Había pedido sentarse en la cola del avión. No pudimos convencerle de que se sentara delante para disfrutar mejor de la experiencia. [Ri.] Menuda experiencia. [R]

PATRICIA: ¡Qué escalofrío!

HARMONÍA: Aquel sonido se fue convirtiendo en un canto, como un lamento. Van Kostel nos dijo que Ngataruk se despedía de los suyos... Era un canto resignado..., o mejor, como un reconocimiento ancestral del momento..., de que había llegado el momento definitivo... Después sonrió con los ojos cerrados..., con expresión de sorpresa..., moviendo suavemente la cabeza arriba y abajo... Respondía al saludo de bienvenida de sus antepasados, nos dijo Van Kostel.

PATRICIA: Aceptaba la muerte con digna resignación.

HARMONÍA: Esas tribus nómadas, los turkanos, o los maasai de Kenia y Tanzania..., no viven del pasado, ni siquiera piensan demasiado en él, pero, sobre todo, no piensan en el futuro. Si encerraras a uno de esos pastores, es probable que muriera de tristeza.

PATRICIA: De tristeza.

HARMONÍA: Porque, al no pensar en el futuro, no tendría esperanza alguna de libertad y daría su situación por definitiva... Ngataruk se fue sin esperar a que llegara la muerte.

PATRICIA: El valiente guerrero aceptaba la derrota.

HARMONÍA: Así es. Cuando él dejó de cantar, el silencio fue total. Nadie hablaba. No se oía la avioneta hundiéndose en el lodo, ni a los cocodrilos, ni nuestra propia respiración... Abrazada a Francesco, en la oscuridad, había dejado de oír incluso sus latidos.

PATRICIA: Y en ese momento terrible, ¿qué es lo último que pensaste?

HARMONÍA: En el flúor. [R]

PATRICIA: ¿En el flúor? [R]

HARMONÍA: Sentía el sabor salado del agua y eso me hizo pensar en el flúor. Ese lago tiene mucho flúor. Los turkanos del lago padecen enfermedades óseas debido al flúor. Así que mi último pensamiento, aunque parezca mentira, fue: "De momento me dejará los dientes blancos [R], pero es fatal para mis huesos. [*Risos e aplausos.*]

PATRICIA: Tremenda. ¿Cómo pudiste pensar eso?

HARMONÍA: Pues así fue. Nada de ver pasar la vida en un segundo. No. [R] El flúor. [R]

PATRICIA: El flúor. [R] Tardaron días en sacaros de allí.

HARMONÍA: Cuando consiguieron sacarnos, nuestros espíritus ya se habían largado hacía días. [R] Salvo el de Ngataruk. Los turkanos pidieron que lo dejaran en el fondo del lago, convencidos de que permanecería allí, incorrupto, y que ni siquiera los cocodrilos se atreverían a acercarse a él.

PATRICIA: Si creen en lo inexorable...

HARMONÍA: Y ahora voy a decir algo que les parecerá una burrada [mira ao público, a unha das cámaras]: Creo, fervientemente, que el canto de Ngataruk fue el que nos transportó a aquella extraña serenidad, a aquella resignación. Y que fue aquel canto el que hizo posible que los espíritus de quienes viajábamos en aquella avioneta puedan hoy hacerse presentes a todos los que verdaderamente deseen vernos.

PATRICIA: ¿Incluso por televisión? [R]

HARMONÍA: Incluso.

PATRICIA: Impresionante.

Aplausos.

Esvaece a imaxe.

Unha luz cenital ilumina agora a Martiño, que está no centro da escena, rixido e inmóbil. Leva posto un batín longo, calcetíns brancos e zapatillas. Apóiase nun bastón. Loce unha aparatosa vendaxe na cabeza e gafas de sol.

Ilumínase a cociña. O salón nada máis recibe esta luz e a das derradeiras claridades do día que entran pola fiestra grande.

Carolina, que leva un viso curto de satén sobre o que puxo un mandilón, rasca a bandexa do forno.

CAROLINA [Saíndo ao salón coa espátula na man]: Prepároche...? [Fica conxelada ao ver a Martiño.] Pero... que..., que...

MARTIÑO [Sen moverse]: ¡Booom!

CAROLINA: Pero se o sanitario solucionouno cun apósito...

MARTIÑO: Medicoume.

CAROLINA: Si, estimado, un termalxín.

MARTIÑO: A morte...

CAROLINA: Queres que che prepare unha tila?

MARTIÑO: ...cando sentes a proximidade da morte...

CAROLINA [*Axitando a man diante da súa cara*]: Eeeooo!

MARTIÑO [*Inmutable*]: ...os lazos máis febles deixan de ter importancia, dilúense. Na desesperación, aférraste a aquilo máis sólido, aos valores eternos.

CAROLINA: Martiño, que xa temos unha idade...

MARTIÑO: Non quero dicir que os desvaríos, as debilidades da carne, deixen de existir nin se poidan borrar. Pero xa só forman parte dunha heteroxénea paisaxe de lazos afectivos e/ou carnis...

CAROLINA: Dixen tila? Mellor unha medicación de choque. [*Vai servir un whisky.*]

MARTIÑO: Non foi un choque, foi unha explosión.

CAROLINA [*Servindo unha boa dose. Ela tamén se serve*]: Pois non che estrañe, estimado, que a continuación explote eu e escampe as miñas vísceras por toda a casa.

MARTIÑO: Iso estaría ben: fóra vísceras. Hai que rexerse pola razón.

CAROLINA: Quen foi falar, doutor Celalla!

MARTIÑO: Sexamos civilizados, por favor, non fagamos de todo isto un drama.

CAROLINA: Drama? Son eu quen está facendo un drama?

MARTIÑO: Hai que sobrepoñerse, aceptar as circunstancias...

CAROLINA: Aquí o único que organiza dramas es ti. É certo que te poderías ter voado a cabeza, pero fracasaches, resígnate. Non terás máis remedio que afrontar a realidade, con todo o que iso comporta. [*Dálle o whisky.*] Bébeo. Sen miramentos.

MARTIÑO: Mellor que me vaia á cama.

CAROLINA: Non, *cariño*, despois dunha sacodida á masa encefálica, por pequena que sexa a sacodida... e a masa, o mellor é non quedar durmido.

MARTIÑO: Non?

CAROLINA: Non, doutor. [*Bebe.*]

MARTIÑO [*Marchando*]: Tereino en conta.

CAROLINA [*Cabreada*]: Esqueces que estou cociñando [*brandindo a espátula*], ou mellor dito, intentando limpar a bandexa para volver a enfornar outra desgraciada robaliza?!

MARTIÑO [*Deténdose*]: Si, amor, hai días que mellor sería non levantarse.

CAROLINA: Non, amor, hai días de oferta. E parece ser que eu aceptei a oferta do día: “Pola compra dunha robaliza ofrecémoslle outra a metade de prezo.” E enviáronme a oferta do día, para que puidese carbonizar dúas robalizas por un prezo irrisorio e celebralo felizmente entre frustracións e foguetes. [*Bebe.*]

MARTIÑO [*Bebe tamén*]: Sabías que a robaliza aliméntase de crustáceos? É un peixe moi voraz.

CAROLINA: Non cociñado por min.

MARTIÑO: Polo que poida pasar, non me confiaría. [*Bebe.*]

CAROLINA [*Iniciando a volta cara á cociña*]: Irei con coidado.

MARTIÑO [*Sinalando a cociña co bastón*]: Eu de ti non entraría! [*Lanza unha gargallada histérica.*]

CAROLINA [*Deténdose*]: Invitáchelo a cear, querido.

MARTIÑO: Invitado a cear?

CAROLINA: Si, non mo dixeches, pero invitáchelo a cear. Explicácheslle o teu terrible accidente e suplicácheslle, xemendo, que viñese –“Por favor, Dani, amor, necesito o teu apoio; por favor, non me falles”.

MARTIÑO [*Saloucando histérico*]: Cando se produce ese compañeirismo, esa conexión entre..., esa especie de... corrente...

CAROLINA: Estou por chamar un electricista.

MARTIÑO: Ti mesma dicías, na túa tesina sobre Kinsey, que non podía ser que case a metade da poboación estivese enferma, como proclamaban algúns, senón que a enfermidade estaba no diagnóstico. Estou disposto a revisar profundamente ese tema.

CAROLINA: Ah, claro, si, agora estás disposto a revisar profundamente ese tema, eh? Encántame o tema. Especialmente interésanme os apartados: ‘Modificación das condutas sexuais’ –gran tema–, e ‘Cando foi a última vez?’ –terrible tema–.

MARTIÑO: Como dixen o outro día no *Show de Kinsey*, e perdoa que me cite: “A finalidade do sexo non ten que ser o orgasmo, senón a transpiración.”

CAROLINA: Si, claro, e onde se condensa máis transpiración que nun ximnasio? [*Volve á cociña.*]

MARTIÑO: Por favor, *Caro*, non te burles..., estou destrozado..., dóenme ata as cellas.

CAROLINA [*Volve ao salón*]: Pero quen me manda a min aceptar as ofertas do día!... E ademais, cornuda e mallada, ter que meterme na cociña porque o meu marido se *cepillou* á asistenta!

MARTIÑO: Mentres ti te *cepillabas* ao seu noivo. Recoñéceo.

CAROLINA: E unha merda! Foi o meu amante quen se *cepillou* a túa Sarita, tan satisfeita, tan colgada de ti, a pobre, que ameaza con deixarte en pelotas. [*Vaise para a cociña, pero de inmediato xira e volve ao salón.*] Quen escribiu: “Conquistar el dominio de los propios deseos es muestra de equilibrio y sensatez.”? Non foi un tal doutor Martiño Celalla na súa celebrada obra *Laberinto de pasiones*?

MARTIÑO: *Los laberintos del deseo.*

CAROLINA: Miña nai chámalle *Laberinto de pasiones*, e paréceme moi acertado.

MARTIÑO: Acertado? A túa nai? Cando lle chamou así?

CAROLINA: Onte mesmo.

MARTIÑO: A túa nai, lémbrocho con pesar, morreu en accidente de avioneta, no lago Rodolfo, hai catro anos.

CAROLINA: Si, claro, *el muerto al hoyo y el vivo...*

MARTIÑO: *Al hoyo* non, afundiuse no lago. Así que me parece a min que onte non puido dicirche nada.

CAROLINA: Nunca entendiches a nosa relación.

MARTIÑO: É máis, a túa nai xa non estaba entre nós cando publiquei *Los laberintos*.

CAROLINA: Sabes que sempre estivemos moi unidas, non importa en que circunstancia se atope cada unha de nosoutras.

MARTIÑO: Dubido moito que a morte sexa circunstancial.

CAROLINA: Non descenderei a eses niveis.

Martiño, abandonando de súpeto a súa dramática composición, dá media volta e diríxese rápido ao moble onde está a furna funeraria...

[*Alarmada.*] Martiño! que vas facer?!

...colle a furna...

Nin se che ocorra...!

...e coa mesma rapidez e axilidade...

Fai o favor de deixar a miña nai inmediatamente!

...volve onde estaba...

Xúroche que como teña que recoller a miña nai coa aspiradora... fágote transexual sen anestesia!

...deposita a furna no chan...

Sabes a aprensión que teño. Non xogues con iso!

... e compón de novo a súa doente figura.

MARTIÑO: Se queres un consello médico, deberías de consumir a despedida guindando as súas cinzas ao mar como fixemos coa miña nai.

CAROLINA: Nin falar! Acabei cunha mascariña facial de mamá política e espuma mariña.

MARTIÑO: Non ofendas á miña nai!

CAROLINA: Non ofendas ti á miña!

MARTIÑO [*Sinalando a furna. Rápido*]: Só quixen subliñar que a morte non é circunstancial e que utilizas á túa nai como unha pata de coello.

CAROLINA: Que parte da túa cres que me traguei aquel día?

MARTIÑO [*Afectado*]: Esa broma é repugnante..., é unha... unha... unha profunda falta de respecto!

CAROLINA [*Sinalando a furna*]: E isto non o é?!

MARTIÑO: Intento adoptar unha actitude científica. Enfróntote á realidade. Dígoche: a túa nai está aí, estas son as súas cinzas, deixa de utilizala como... como... como unha táboa de salvación e faite adulta.

CAROLINA [*Non pode evitar rir*]: Adulta? Ti disme a min que me faga adulta?

MARTIÑO: Si. E sería mellor que deixases de ser a súa biógrafa. Iso non fai máis que agravar esa obsesión.

CAROLINA [*Recitativa*]: “Ela foi un claro expoñente de *Maio do 68 francés*”, dixeches no responso. “Libérrima, emprendedora, ávida de emocións espirituais, Harmonía non soubo escapularse do declive cultural que supuxo aquela pretendida revolución [*mirándoo de fronte*] e que tan graves consecuencias nos trouxo.” Si, señor, iso é un responso.

MARTIÑO [*Rápido*]: Tamén dixen: “Pero podemos enxugar as nosas bágoas..., porque Harmonía non chegou ao final das súas viaxes...; porque Harmonía, con toda seguridade, transubstánciase nestes momentos, incansable, cara a outras vidas e outros mundos. Así pois, digamos simplemente: Boa viaxe, Harmonía. Ata a vista!”

CAROLINA: Iso dixeches, si señor.

MARTIÑO: Unha maneira poética de dicir que o seu espírito permanecería entre nosoutros.

CAROLINA: Exactamente. Aí está.

MARTIÑO: Aí está, o que?

CAROLINA [*Sinalando a furna*]: Aí está Harmonía. Non só as súas cinzas. Aquí está tamén o seu espírito que, como moi ben dis, permanece entre nosoutros... para lembrarnos que existen outras maneiras de ver a vida.

VOZ DE HARMONÍA: Ben dito, filla miña.

Carolina envía un bico ás cinzas da súa nai.

MARTIÑO: Non pretenderás que acepte este feroz individualismo, este todo vale con tal de ser feliz que nos trouxo a súa fracasada revolución? Unha cousa é que lle tivera aprezo e outra moi diferente é dicirlle a un psiquiatra que sexa “razoable” e pida “o imposible”, como propoñía o lema daquela algarada estudiantil.

CAROLINA: Eu simplemente digo que o seu espírito fainos comprender que pode haber outros camiños, que é posible voar cara a outros horizontes...

MARTIÑO [*Servíndose whisky*]: Voa, filla miña, voa! Pero en *business*, co teu whisky e as túas améndoas. [*Vai á cociña a poñerse xeo.*]

CAROLINA: ...e que nós estamos aquí, presos na nosa propia trampa, expostos ao xuízo e á mirada de todo o mundo, porque nós mesmos escollemos ser un produto mediático. Mentres, a nosa profesión é unha farsa, o noso matrimonio é unha farsa...

MARTIÑO: Basta! Ata aí podíamos chegar! Non quererás comparar as murmuracións, o consello frívolo dado a un perfecto descoñecido a través dunha revista do corazón ou da tele, como fas ti, co tratamento en profundidade... próximo e humano... realizado por un aclamado Doutor en Medicina? Honoris causa por varias universidades europeas e norteamericanas, lémbrocho. Ata aí podíamos chegar!

CAROLINA: Tes razón. O teu é moito máis importante. Ti podes pechar a un desgraciado nun manicomio de por vida.

MARTIÑO: Quen ten máis posibilidades de sanalo, *El Consultorio de Carol*?

Aparece Patricia, en primeiro plano, na gran pantalla.

PATRICIA: Resulta estimulante veros enzarzados en vuestras rigurosas especulaciones científicas. Tan... tan apasionados en vuestras discusiones... y, al mismo tiempo, tan... tan... tan cariñosos..., incluso en la discrepancia. [*R*]

Na conversa con Patricia, as voces de Martiño e Carolina estarán amplificadas. Carolina volverá a poñer a mesa, desta vez con servizo para tres.

MARTIÑO [*Sentando*]: Digamos que conseguimos un respectable nivel de harmonía. Se nos viras aquí, na casa... un domingo calquera ao mediodía, por exemplo...; se nos viras arriba, no estudo sollío...

CAROLINA [*Poñendo a mesa*]: ...cando non chove...

[*Risos.*]

MARTIÑO: ...nosoutros..., os nosos fillos..., os catro xuntos, pintando acuarelas e escoitando Bach...

PATRICIA: ¡Qué maravilla! ¡Pintando acuarelas y escuchando Bach!

CAROLINA: ...e cada un coa súa almofia de diferente cor..., cos pés en remollo... non, *cariño*?

[*Risos.*]

MARTIÑO: ...en sales minerais... Comprendo que este nivel de harmonía, cultivando o espírito...

CAROLINA: ...e o reuma...

[Risos.]

MARTIÑO: ...non está ao alcance de todo o mundo.

PATRICIA: Por supuesto.

MARTIÑO: Conseguilo é un labor de anos.

PATRICIA: Sin duda.

MARTIÑO: Cando os meus pacientes se queixan escandalizados do comportamento actual dos fillos, tan perdidos e sen referentes, non me importa ter que explicarlles a traxectoria exemplar dos nosos e o método empregado na súa educación. Asegúroche que funciona. Tanto cos fillos como cos pais.

PATRICIA: Impresionante.

CAROLINA: A proba é que ningún deles volve pola consulta.

[Risos.]

MARTIÑO [*Con mirada extraviada*]: A gran mentira da chamada ‘revolución sexual’ dos anos sesenta, coa súa visión lisérxica, foi crer que ao separar o sexo do sentimento se purificaba o amor e se liberaba o sexo. O cal só trouxo dor e frustración. Unha verdadeira tolemia.

CAROLINA [*Colocando de novo a flor na mesa*]: Dicho un especialista.

VOZ DE HARMONÍA: Un gilipollas.

[Risos.]

CAROLINA [*A Patricia*]: Preguntaraste por que non nos separamos. Pois porque o noso negocio baséase en solucionar os problemas emocionais e sexuais dos demais. Así de sinxelo. E que isto quede aquí, entre nós.

PATRICIA: No te preocupes.

CAROLINA: Teriamos o mesmo creto que un cura facendo de conselleiro matrimonial, ou un psicópata de canguro.

[Risos.]

MARTIÑO: Carolina ten razón, o Informe Kinsey tería sido unha grande contribución á bioloxía humana e á socioloxía se non fose, en realidade, un fraude.

PATRICIA: Pues, si entre vosotros, que sois matrimonio y especialistas en el tema, es tan evidente la discrepancia..., imaginémonos...

MARTIÑO: Iso é comprensible. Nós somos matrimonio e especialistas no tema, sería ridículo que non estivesemos de acordo.

PATRICIA: Sí, por supuesto, se os ve muy felices.

Desaparece a imaxe.

CAROLINA [*Enfurecida. Xa sen amplificación*]: O problema dalgúns psiquiatras é que ignoran que non se pode facer un diagnóstico cabal partindo da propia alienación. E se ademais están cargados de restricións ideolóxicas..., de restricións morais, relixiosas..., se non miran o mundo a través do calidoscopio, senón a través dos seus prexuízos, son altamente perigosos para os seus pacientes. E engadiría que tamén para os seus familiares, e podería incluso amplialo ao resto da sociedade. Deberíades de fundar unha especie de instituto ideolóxico de patoloxías mentais, que o estudase; ou instituto mental patolóxico de ideoloxías, ou instituto de ideoloxías patolóxicas..., ou eu que sei!!

MARTIÑO [*Sen amplificación*]: Algún paciente ou algún familiar puxo algunha vez algunha obxección ao meu tratamento?.

CAROLINA: E ata oposición radical incluso.

MARTIÑO: Si? Cítame un caso.

CAROLINA: Urralde.

MARTIÑO: Miguel Ángel Urralde, comeu un maletín.

CAROLINA [*Indo ao mobile bar*]: Pois iso.

MARTIÑO: Arrincou os peches cos dentes e comeu os documentos. Non deixou nin un anaquiño de papel. Merendounos.

CAROLINA [*Con sorna. Servíndose whisky*]: E a iso non lle chamarías oposición radical?

MARTIÑO: Perdoa, perdoa... [*Ela vai á cociña a poñerse xeo e a preparar a cea. El séguela.*] Estaba sentado diante de min con aquela mirada baleira e, no ton máis cálido posible, díxenlle:

“Miguel Ángel, sabes con que cariño e dedicación me ocupei do teu caso. Sabes, como che expliquei con detalle, que todo o coñecemento que posúo, malia ser grande, non é suficiente para intentar unha curación a través dun tratamento descontinuo. Se queremos ter éxito, díxenlle, o tratamento require atención continuada... require seguimento permanente nunha institución. Temos que internarte... Neste maletín, díxenlle, está o meu diagnóstico e toda a documentación en regra, incluída a autorización da túa familia.”... E naquel momento, ao grito de “¡Puños fuera!”, arrebatoume o maletín, arrincou os peches a dentadas e comeu o diagnóstico e todo o resto.

CAROLINA [*Traxinando*]: Debía comerche o fígado. Leva sete anos pechado.

MARTIÑO: Cheguei a temer que o fixera. Tíñalo que ver. [*Transición.*] Pero xa moito antes devorara a súa propia alma, o infeliz.

CAROLINA: Non te fode...!

MARTIÑO: E que é un ser sen alma?

CAROLINA: Un desanimado?

MARTIÑO: Ata o meirande criminal ten unha alma, por dexenerada que sexa. Non. Miguel Ángel Urralde acabara por non distinguir o ben do mal.

CAROLINA: Noutro tempo, teríaslle practicado unha lobotomía.

MARTIÑO: Estás tola!

CAROLINA: Velo?! Es un mar de contradicións e de arbitrariedade. Cando pode un psiquiatra dicir “estás tola”?

MARTIÑO: Non podó falar coa miña muller con normalidade?

CAROLINA [*Colle aire e vai deixando caer as palabras con sorna*]: Aceptando que o feito de que obrigues aos teus fillos e a unha servidora a pintar acuarelas escoitando música clásica, cos pés metidos en sales minerais, poida considerarse vida doméstica normal..., a resposta é non. Vostede sabe perfectamente que un psiquiatra non pode chamarlle tolo a ninguén baixo ningunha circunstancia.

MARTIÑO: Ti non falas connigo con normalidade?

CAROLINA: Non. En absoluto. Como pode unha falar con normalidade cun psiquiatra? Es un psiquiatra!... Como pode unha falar, comer ou *follar* cun psiquiatra con normalidade? Igual que non se pode falar, comer ou *follar* con normalidade cun cura. É un cura! Anque seguro que resulta moi excitante.

MARTIÑO: Carolina!... Cando nos coñecemos, xa era psiquiatra.

CAROLINA: Foi precisamente iso o que me atraeu de ti. Pode unha estar máis obscenamente espida que facendo o amor cun psiquiatra?

MARTIÑO: Por Deus, Carolina!

CAROLINA: Nin por Deus, Martiño!... Estou de ti ata arriba! Como pode unha falar con normalidade cun psiquiatra que, ademais, é anormal? Queres explicarme como consegues manter esa actitude douta e presuntuosa..., disfrazado así, como para un anuncio de prevención de accidentes de tráfico?

MARTIÑO: Por favor, *Caro*, estou aturdido!

CAROLINA: O que estás é acollonado, amor meu. Eu acepto que me gaño a vida de maneira un pouco fraudulenta. Acepto que, grazas á miña popularidade e á túa, páganme por participar en coloquios e debates, e opinar sobre temas humanos e divinos... e sobre como é de divino todo o que é humano cando hai orgasmo por medio.

Mentres fala vai cara ao moble baixo a pantalla do televisor para coller un DVD, instálao, pono en marcha... Utilizando o mando fai avanzar rapidamente a gravación.

Acepto que son un pouco de moral distraída. Acéptoo... Pero ti es incapaz de facer a máis mínima autocrítica sobre a túa... patética realidade... Pero iso non é o peor. Non. O peor é que non fas autocrítica pero si crítica. Ínflaste como un peixe globo na tele e retroalimentaste no ximnasio. Pero, un día, o peixe globo estoupará, porque algún cabrón como o teu Dani ou algunha cabrona, como a túa Sarita, obterá grosos beneficios cravándolle o arpón ao peixiño. Todas esas tripiñas, toda esa merdiña, todas as túas contradicións, as túas mentiras..., toda a túa marabillosa vida exemplar estouparanos na cara, en vivo e en directo. Encherémonos de merda ata as cellas. Conclusión: a ruína!

Carolina detén a imaxe. Martiño, en primeiro plano. Non se lle oe.

MARTIÑO [*Desarmado*]: Entón... sabes...?

CAROLINA: Entre o que sei e o que adiviño, decidín cociñar outra desgraciada robaliza. Mellor será practicar as relacións públicas e evitar que isto se nos vaia das mans.

MARTIÑO [*Vencido*]: Como soubeches o do ximnasio?

CAROLINA: Fun ver unha pitonisa. Díxome: “O seu futuro está escrito no cu dun peixe globo.”

MARTIÑO: Carolina...

CAROLINA: Mentres, ti pódeste mirar así, feito un pallaso, ao tempo que escoitas ao peixe globo. Xa verás. É unha magnífica terapia.

Sobe o volume da televisión.

Se a aplicas con rigor, aínda poderemos salvar a uns cantos Urraldes.

Carolina volve ocuparse da cea.

Si, señor!

Semella que Martiño quere ir cara a ela, pero só xesticula sen moverse do sitio. Está ás beiras do colapso. Bebe.

Espermalandia!

Pouco a pouco, Martiño sentirase atraído por si mesmo e irá xirando lentamente cara á pantalla. Flipado, chegará a quitar as gafas para verse mellor, e irá subliñando as súas palabras con xestos afirmativos. Bebe.

Olé, *mi niño*, metendo caña!

Debemos?

MARTIÑO: ...veamos...

...los aborígenes de Pukapuka, al norte del archipiélago de Tuamotu, en la Polinesia, tocan la flauta con la nariz. Perfecto. No tengo nada que oponer...

Y no sólo eso: añadiré que las relaciones extramatrimoniales están permitidas... ¿Qué les parece?... ¿Quieren más ejemplos?... ¿Sabían que los *arana* de Australia se masturbaban de forma colectiva?...

No sé si seguirán haciéndolo en *petit comité* o si los *arana* han desaparecido como pueblo a causa de tanta masturbación, pero el caso es que nuestra civilización ha prevalecido. Nuestra cultura y nuestra tradición se han impuesto; no *manu militari*, sino por el peso de la razón, de nuestras ansias de conocimiento y de justicia y, por qué no decirlo, por la herencia indeleble de la cristiandad... Aspecto éste que, aunque no sea el tema del debate, debería figurar en el Preámbulo de la Constitución Europea.

El cristianismo –permítanme que lo diga– como médula insoslayable de la espiritualidad europea.

PATRICIA: ¿Quiere decir...?

MARTIÑO: [*Cortándoa*] Disculpe. Quisiera acabar esta intervención lanzando algunas preguntas para centrar la idea. [*Pausa expectante.*] ¿Debemos, por eso, masturbarnos de forma colectiva? [*Pausa expectante.*] ¿Debemos convertir nuestros matrimonios en una especie de

Bravo!

MARTIÑO: Era unha metáfora!

CAROLINA: Ti si que es unha metáfora galopante.

CAROLINA: Non me espante, doutor!

Sen esaxerar.

[*Irónica.*] A orgasmolaque?

MARTIÑO [*A Carolina*]: Non é así?

[*Anticipándose.*] Si, claro, por descontado.
[*Vai servirse máis whisky.*]

CAROLINA: [*Desde a cociña*] Aí, aí!

promiscuidad sexual aberrante?
[*Pausa expectante.*]

¿Tenemos que tocar la flauta con la nariz?

PATRICIA: Quiere decir...

MARTIÑO: Exactamente.

...Me refiero al síndrome Margaret Mead. El utilizar ejemplos étnicos de sistemas sociales primitivos, periclitados, para justificar un *naturalismo* físico y sexual que confunde la libertad con lo que es, simple y llanamente, una regresión antropológica.

PATRICIA: ¡Doctor! ¿Tanto como eso?

MARTIÑO: Créanme. No exagero. Mayo del 68 nos trajo la lacra del hedonismo, del individualismo egoísta, de... la exaltación del orgasmo... la orgasmolatría...

...el sexo por el sexo; con biblias orgiásticas como el Kama Sutra o la promoción de autores degenerados como el Marqués de Sade. En definitiva, la degradación del sentido de la sexualidad.

PATRICIA: Pero supongo, doctor, que salvará algunos aspectos de aquél movimiento...

MARTIÑO: No, de ninguna manera, en absoluto... Tomemos un ejemplo que me es muy cercano... y muy querido. Mi suegra, que en paz descansa.

PATRICIA: ¡Oh, vaya! Sí... Hace ya cuatro años que nos dejó.

[*Para ela mesma.*] Que cabrón!
[*Martiño bebe o whisky dun só groló.*]

[*Igual.*] Un cabronazo!

MARTIÑO: Efectivamente. [*Sérvese máis.*]

[*Bebe.*] *Cara a Cara*, estaba ben. A fórmula esa de enfrontar a dúas persoas antagónicas funcionaba. Ata que se converteu en pura provocación. A xente acabou indo a *Cara a Cara* para partirla uns aos outros.

CAROLINA: [*Desde a cociña. Para ela mesma*] Como puiden equivocarme tanto?

MARTIÑO: Sí, así es... Una mujer excelente, imaginativa, llena de vitalidad, libérrima, que se dedicó en cuerpo...—digo bien—, en cuerpo... y también en alma, al placer. El placer de viajar por todo el mundo, gozando de sus culturas... de sus tradiciones... y de sus habitantes, preferiblemente masculinos... aunque no exclusivamente...
... y ... por qué no decirlo, de toda clase de estimulantes naturales o sintéticos. [*Sorrí á cámara.*] ¿No está mal, eh? ¡Maravilloso!

PATRICIA: ¡Vaya, vaya! No cabe duda que Harmonia fue una mujer...

MARTIÑO: Feliz. [*Afectado.*] Mi querida suegra murió habiendo sido feliz la mayor parte de su vida. Y lo celebro. Cómo no.

PATRICIA: Seguro que la Profesora Mairena tendrá ganas de intervenir...
A cámara enfoca por un momento unha muller de aspecto intelectual, a Profesora Mairena.

MARTIÑO: Considero a mi suegra como un prototipo del ciudadano, intercultural, interracial, intersexual y ab-so-lu-ta-men-te hedonista, que proyectaban los pseudo intelectuales de aquella mal llamada revolución. Y la pregunta es: ¿Sería un mundo sostenible, como se dice hoy, un mundo habitado mayoritariamente por individuos como mi suegra?

PATRICIA: Hombre, pues...

MARTIÑO: ¡El caos, el desmoronamiento moral, científico, intelectual, empresarial... ¡La indigencia!

*Carolina aparece coa robaliza
collida pola cola.*

CAROLINA: Es un cabrón! Oíchesme?

MARTIÑO: Por que?

CAROLINA: Por que? Por que? Porque sempre utilizaches a todo o mundo para brillar ti. Non che importou se era a miña nai ou un pobre enfermo mental.

Moi ben! Velo? Un cabronazo integral!

MARTIÑO [*Sinalando a tele*]: Pero, que dixen?!

[*Xirándose furioso cara á tele.*] Que?!

Lido nalgún lugar... lido nalgún lugar!
[*Vai servirse máis whisky.*]

[*Na pantalla.*] Coa túa novia dediante, guapa!

CAROLINA: Martiño, estás comezando a perder a chaveta.

MARTIÑO [*Implicando a PATRICIA*]: Non vedes que teño problemas?

CAROLINA: Ah, si?! Non me decatara.

MARTIÑO: *Caro*, por favor, non podo máis! Estou a punto de estoupar!

CAROLINA: Pois estoupa, meu fillo, polo que máis queiras, estoupa!

PATRICIA: Bueno, es una visión...

MARTIÑO: Con todo el respeto a la memoria de mí querida suegra: ¡Un desastre! ¡Una hecatombe!

PATRICIA: Bien, está clara su posición...

Usted ha dicho...

...Recuerdo haber leído en alguna parte... algo sobre las relaciones...

amorosas... que ha levantado las iras de los colectivos de gays y lesbianas.

Prof. MAIRENA [*Interrompéndoa*]: ¿Me permite? [*A cámara enfoca á profesora. Le.*] "Se trata de recuperar la profundidad de los sentimientos en las relaciones amorosas: la ternura, el romanticismo, el empeño de dos seres humanos, esforzados día a día en construir el edificio del amor: un hombre y una mujer." ¿Un hombre y una mujer, doctor Celalla? ¿Por qué no dos hombres o dos mujeres?

MARTIÑO: Vamos, por favor, no he dicho nada tan escandaloso, el escándalo lo promueven ustedes. Esa afirmación se ha sacado de contexto.

Prof. MAIRENA [*Brandindo un libro*]: Se ha sacado del libro que nos presenta hoy, doctor Celalla. *Los laberintos del deseo*, Ediciones Psique, página doscientos diecisiete, segundo párrafo.

MARTIÑO [*Nervioso. Alterado*]: Quiero decir que... no digo que no lo dijera... que no lo haya escrito...

[Colle o mando da tele e baixa o volume, que quedará moi en segundo termo.]

Faime o favor de volverte tolo ou de despelotarte... pero rompe augas dunha puñeteira vez ou a que se volverá tola serei eu!

MARTIÑO [*Nun grito, mestura de oulido e pranto, como pedindo auxilio, ao mesmo tempo que lanza o vaso e o bastón e deixa caer o batín aos seus pés*]: Caroooo...!!

Ela, de regreso á cociña, aínda coa robaliza collida pola cola, vólvese sobresaltada.

Ao velo vestido de delicada lencería fica petrificada por un momento e a continuación estala nunha gargallada incontible.

CAROLINA: Mágoa..., mágoa que non che sirvan os meus zapatos...

Carolina ri, e Martiño, en completa tensión, ben dereito, case na punta dos pés, esconde instintivamente a barriga e apreta puños e pálpebras.

Entón, soa o timbre da porta.

MARTIÑO: Dani!!!

CAROLINA: Dani?! Pero se aínda faltan máis de dúas horas!

Martiño non pode oíla. Derrúbase no chan tan longo como é.

Prof. MAIRENA [*En off*]: Tengo aquí el libro...

MARTIÑO: No digo que no lo diga, sino que lo que quiero decir es que depende en el contexto en el que se diga. En definitiva, lo que quise decir es que en la concepción tradicional de las uniones por amor, es decir, en el matrimonio heterosexual, se da por sentado que la misma unión ya certifica de por sí la perennidad del amor, confundiendo la institución con el sentimiento; con el proyecto común, con la espiritualidad que exige el amor cuando es verdadero. Eso quise decir.

Prof. MAIRENA [*Con sorriso maligno*]: ¿Y qué quiso decir, entonces, cuando dijo: “El destino de la mujer es la procreación. Preñadla, pero el amor perfecto sólo lo encontraréis en brazos de otro hombre.”

MARTIÑO: ¡Por favor! ¡Eso no lo dije yo, dicen que lo dijo Aristóteles! ¡Pregúntenselo a él!

Prof. MAIRENA: Pero usted la utilizó en un contexto determinado. ¿Qué quiso decir? ¿Qué parte de la frase suscribe, doctor Celalla?

MARTIÑO: ¿No lo sabe? ¿Y usted presume de conocer mi obra?

Prof. MAIRENA: La conozco de sobras. Pero creo que estamos en un programa de televisión y el público querrá...

PATRICIA: [*Pillada en falta*]: Eso justamente quería decir yo. Pero no me atrevía a interrumpir una discusión

Martiño!! [*Vai cara a el.*] Para de facer o pallasso! [*Sacódeo.*] Vístete! Chamaron á porta! [*Sacódeo máis.*] Xa basta! Que día levas, por Deus! [*Dálle unhas labazadas.*] Martiño, mecagona...! Teño a robaliza...!

Soa de novo o timbre.

¡¡Mecagona...!!

Vai cara á porta, tan disposta a abrir como a pedir auxilio.

A medio camiño decátase de que aínda leva a robaliza na man. Fai como se quixera correr cara á cocíña, pero volve a soar o timbre e detense. Acende a luz do recibidor e abre a porta.

No linde hai un mozo de aspecto atlético enfundado nun mono de motorista. Co casco calado e a viseira levantada, parece un xogador de rugby americano. Nunha man leva as lubas e na outra un gran bolso de deporte.

CAROLINA: Ola! Vaia! Isto... de que planeta vés? [*O mozo abre os brazos. Ela mostra a robaliza.*] Comedes peixe, alá? [*Séntese o rir afogado do mozo, que move o casco, afirmando.*] Dani, eh?... Ben non te quedas aquí! Pareces un repartidor de pizzas. [*Ri, nerviosa e falsa.*] Anque as pizzas sempre chegan tarde e ti adiantácheste un par de horiñas, non? [*Ensínalle a robaliza e indícalle, nerviosa, que pase.*] Pasa, pasa. [*Transición. Histérica, sinalando a Martiño.*] A Pavlova acaba de concluír *El lago de los cisnes*! Que che parece?! A saber de que vai este agora! Canta comedia!

O mozo vai decidido cara a Martiño, deixa a bolso á beira e axeónllase.

A nai que me pariu! [*Baixando a voz.*]

tan interesante. Efectivamente, efectivamente... el público quiere saber. Por lo tanto, si no he entendido mal, la pregunta sería: ¿Lo que usted quiso decir, doctor Celalla –como escribió en *Cuando las neuronas se convierten en espermatozoides*–..., no es que... Leo:... “El acto sexual que excluye la perspectiva de la maternidad es más un acto animal que un acto humano.”? ¿Es eso?

MARTIÑO: Exacto. Muy bien visto. Ése es justamente mi pensamiento. [*Mirando directamente á muller.*] Y expresa todo lo contrario que esa frase atribuida a Aristóteles.

Prof. MAIRENA: No hagamos trampas, no hagamos trampas, por favor. Involuntariamente, le acaban de tender un puente por el que usted pretende escapar vivo y coleando. Por cierto, su frase también se la trae, doctor, pero la dejaremos para otro momento... Lo que yo he dicho es que usted, doctor Celalla, utilizó la indigna frase de Aristóteles, que, por otra parte dudo que él dijera, en un determinado contexto. Según sus escritos usted abomina de la homosexualidad. ¿Qué quiso decir?

MARTIÑO: También los sabios se equivocan.

Prof. MAIRENA: ¿Se refiere a Aristóteles o a usted?

MARTIÑO: Quise decir que también los sabios se equivocan. Aunque no conozca mi obra como presume, sólo conque se hubiera fijado un poco en la frase que acaba de leer nuestra anfitriona, sabría a qué sabio me refiero.

Perdoa mamá, pero a min vaime dar algo!

VOZ DE HARMONÍA [*Moi natural*]: De acordo, de acordo. Cálmate.

Carolina respira fondo e deixa saír o aire lentamente, disposta a serenarse. O mozo tómallo o pulso a Martiño.

CAROLINA [*Cunha calma forzada e un control case máis preocupantes que a propia histeria*]: Tivemos un pequeno accidente. Martiño é tan aprensivo... Cando lle pase esta tontería tomamos algo e ímonos coñecendo. [*Detrás del.*] Vou deixar isto á cociña... que non sei eu...

Vai cara á cociña. O mozo –de xeonllos e dándolle as costas– abre a cremalleira do bolso cun xesto rápido e enérxico. Carolina detense.

[*Esaxeradamente solícita e sorrinte.*] Si...?

O MOZO [*Quitando o casco e deixándoo a un lado*]: Gústame controlarme cando fago exercicio.

O mozo saca do bolso o sensor de peito do pulsímetro que leva posto. Carolina ficou paralizada ao oír a voz. Un calafrío percórrelle a columna.

CAROLINA: Dani?

O MOZO [*Colocando o sensor sobre o peito de Martiño*]: Rompícheslle algo?

CAROLINA: Eu? Non, o accidente... Dani?

O MOZO [*Comprobando no pulsímetro as constantes de Martiño*]: Ah, o accidente...

Prof. MAIRENA: Es precisamente leyendo su obra, que una se da cuenta que se considera usted el crisol de la sabiduría.

MARTIÑO: Usted, y aquéllas a las que representa, lo enfocan todo desde una posición que yo llamaría feminista fundamentalista. Esa es la cuestión.

Prof. MAIRENA: Porque usted nos agrade. Usted agrade a la mujer. Usted llega hasta exaltar la virtud de la continencia en el hombre ¡durante la menstruación! ¡Faltaría más! Durante la menstruación y todos los días que ella no quiera.

PATRICIA: Aquí se introduce un tema muy interesante, que daría para más de un programa. Un tema que va desde la antigua cultura del matrimonio jerarquizado, de “la mujer con la pata quebrada y en casa” al completo servicio del hombre..., hasta la actual emancipación de la mujer; sin olvidar que al tiempo proliferan las agresiones de género, que ése es un asunto terrible. Pero..., con todo el dolor de mi corazón..., tenemos que dejarlo aquí... El tiempo pasa inexorablemente y *Cara a Cara* ha consumido el suyo. [*Transición.*] Doctor Celalla..., Profesora Mairena..., ha sido un placer tenerles aquí, *Cara a Cara*, con nosotros. A usted, doctor Celalla, le vemos luego, en *El Show de Kinsey*. [*A cámara.*] Y a ustedes, con la esperanza de que el programa de hoy les haya interesado, les espero, *Cara a Cara*, el próximo sábado. [*Pausa.*] Ya saben que a continuación podrán ver *El sexo en los albores del cine*, con

Vaia...

CAROLINA [*Cada vez máis angustiada*]:
Volou o alpendre...

O MOZO [*Incorporándose*]: Eu pensaba
que vos bombardearan.

CAROLINA [*Espantada*]: Dani?!

O mozo dá a volta, sorrinte.

O MOZO [*Abrindo os brazos*]: "O Atleta do
Amor"!

CAROLINA [*Dando un paso atrás*]
Marcos!!!

MARCOS: Non te alegras de verme?

la proyección de la película muda..... Una muestra de sexo explícito, de cuando el cine daba sus primeros pasos. Y, finalmente, completando esta noche temática sobre la sexualidad, les espero en *El Show de Kinsey*. [*Cun amplísimo sorriso*.] Disfruten de la película. Nos vemos luego.

Aparecen os títulos de crédito, que pasan rápido, en cortina, sobre imaxes do set e dos participantes.

PUBLICIDADE: *Spot dun produto relacionado co sexo. [Debería ser un spot real.] Ao final do cal: "... [o produto X; a marca Z]..., patrocina: "El sexo en los albores del cine". E, a continuación, a película.*

Carolina retrocede atemorizada, e instintivamente levanta un pouco a robaliza, como se puidese chegar a converterse nunha arma.

CAROLINA: Que fas aquí?

MARCOS: Si, si, xa me decatei do peixiño. Morde?

CAROLINA [*Baixa o brazo*]: Vés facernos chantaxe coa ameaza de demanda de Sarita, verdade?

Marcos avanza e ela intenta escapulirse gañando espazo cara ao centro do salón, pero el péchalle o paso inmediatamente.

MARCOS: Non podía soportar máis tempo sen verte...

CAROLINA: Es desprezable.

MARCOS: ...sen sentir o teu olor... Entón non ulías a peixe, senón a perfume caro. Non podía soportar máis tempo sen sentir as túas caricias..., os teus orgasmos múltiples...

CAROLINA: Dásme noxo.

Marcos continúa avanzando e Carolina retrocedendo. Agora están á beira de Martiño, inmóbil no chan.

MARCOS: Problemas, eh?

CAROLINA [*Sinalando ao seu marido*]: Fíxose... fíxose...

MARCOS: Non mo expliques. Lencería... mutilacións... alcohol... [*Dálle unha patadiña ao vaso que hai no chan.*] E un peixe!... Aberracións sexuais, eh? Rollo sadomaso... zoofilia... e todo iso.

CAROLINA: Unha broma... Esperamos un amigo. Pensabamos que era el, cando...

MARCOS: Ah! Unha orxía... vaia! [*Dá un paso máis cara a ela.*]

CAROLINA: Estiveron aquí... a policía..., os bombeiros... Dixeron que volverían.

MARCOS: Os bombeiros?

CAROLINA: A policía. Dixo que volverá.

MARCOS [*Avanzando*]: Xa. [*Carolina, acosada, chegou aos pés do sofá. Marcos está*

á altura de Martiño.] Non te preocupes, espertará nunha nube. [*Mírao.*] Que pinta, doutor! [*Achegándose máis a ela.*] A ver se o entendín... Unha explosión envía a tomar polo cu o teito do alpendre... [*están á altura do sofá, diante do televisor*], el resulta ferido... e, para celebralo, pon a túa lencería. Chamades a un amigo para que a festa sexa máis excitante e, mentres o esperades, poñedes unha porno, baixades uns whiskies..., algunha *pastilliña*... Lémbreste das *pastilliñas*, doutora?

CAROLINA: A que viñeches?

MARCOS: Montas o numeríño da ‘putiña cociñeira’... –moi no teu estilo—... e entón el, bastante pasado de voltas, pídeche que lle deas unha malleira coa robaliza. Equivócome?

Carolina, acurrallada entre Marcos e o sofá, deixa caer a robaliza.

CAROLINA: Non me toques!

MARCOS [*Amosando as palmas das mans como dicindo “non che toquei”*]: Metéstesvos unhas ralliñas....? [*Avanza.*] Despois de tantas emocións e tantas *viaxes*..., o maridiño da miña cadeliña viciosa acaba poñéndose como unha moto coas zorregadas da robaliza e ao pobre sáltanlle os fusibles. Verdade?

CAROLINA: Di que queres!

Están tan preto que senten o calor dos seus corpos.

MARCOS: A ti. Quérote a ti, mamona.

CAROLINA [*Intentando frealo cos antebrazos*]: Di que é o que viñeches buscar... e vaite... por favor...

Marcos cóllea polo van e aprétaa contra el. Ela intenta escapulirse e golpéalle o peito cos puños.

Sóltame! Sóltame, fillo de puta!

MARCOS [*Rodeándoa co outro brazo*]: Viñen a saborear de novo ese sexo famento.

CAROLINA [*Sabéndose vencida*]: Fillo de puta!

Bícanse con furia. El arríncalle o mandilón e comeza a quitarlle o viso. Ela colabora, frenética, e á vez báixalle a el a cremalleira do mono. Caen sobre o sofá, perpendiculares ao público. Íspense, acaríciense, bícanse..., follan.

A película ‘porno’ córtase bruscamente. Por un momento nada máis hai neve na pantalla, pero, ao cabo de pouco, a imaxe vólvese supetamente nítida e aí temos a Harmonía, sempre sorrinte. Vense persoas cruzar de tanto en tanto por detrás dela; a maioría son membros da tribú maasai.

HARMONÍA [*Gritoa*]: Parece ser... que a explosión danou a capacidade de recepción sensorial de Martiño. Martiño está, como se dixeramos, “fóra de cobertura”. Fixáronse? [*Pausa*.] Intento conectar desde aquí, desde este campamento á beira do Serengueti, na fronteira tanzana, pero hai unha interferencia ou algo así. [*Un guerreiro maasai, impresionante, aparece no plano, mirándoa fixamente. Polo maasai*.] Como lle explico eu que estou falando con vostedes? [*Sorrille. Ao público*.] Agora imos ao lago Turkana... Non sei se saben que Francesco e eu matámonos alí, hai catro anos, cunha avioneta... [*O maasai continúa mirándoa fixamente*.] Os maasai, con autoridades tanzanas e keniatas, organizáronnos unha especie de homenaxe polo noso traballo no lago Victoria. Non a nós directamente, claro, senón a representantes da ONG. [*Soa un móbil. O maasai saca o móbil de debaixo da súa ‘shuka’. Escoitaa e ri. A Harmonía, en kiswahili: ‘Kwaheri’(‘Adeus’); Ao móbil, saíndo do plano: ‘Jambo, habari gani’ (‘Ola, como estás?’).*] Ata as neves do Kilimanxaro deixarán de ser perpetuas! [*Transición*.] Como vai todo por aí? [*Pausa*.] Vai todo ben? Avanzamos? [*Bota unha ollada e descobre á súa filla fornicando no sofá*.] Ui, Carolina! Que fas? Ben...xa sei o que fas... pero... quero dicir... que marcha, non?!... [*Ela avanza a cabeza e forza un pouco a vista para ver mellor. Divertida*.] Ese non é Martiño! Xa me estranaba a min! [*Cun fío de voz*.] Caro, cariño... quen é?... eh?... dime, ceo, quen é?

CAROLINA [*Non se lle ve a cara*]: Mamá, por favor!

MARCOS [*Arfando*]: Que?

CAROLINA: Máis, máis, por favor!

HARMONÍA: Que golfa que é a miña nena! [*Ergue a vista e estírase para ver o resto do salón. Queda encadrada á altura das cellas. Entorna os ollos para enfocar mellor*.] Ese si que é Martiño!... Carol, que fai, estendido no chan? Que fixeches, Carol, que fixeches?! Que está pasando?!... [*Pero ‘Carol’ non escoita, só xeme e salouca cada vez máis forte*.] E... e... e... [*Sinalando*.]... Que fan aí no medio as miñas cinzas?! [*Xemidos ‘in crescendo’*. *Ao público*.] Por favor, fagan algo! Isto estásenos indo das mans! Deteñan a acción! Ben... déixenos acabar..., pero despois deteñan a acción... Isto non me fai ningunha graza. A ver se, xogando xogando, ao final teremos un drama. Non permitan que se nos vaia das mans. Deseguida estou con vostedes. Non marchen! De aquí a un momento, os turkans inauguran un monumento culminado pola avioneta que o exército conseguiu sacar do fondo do lago. Verdade que é bonito? [*Expeditiva*.] En canto remate a cerimonia, estou aí nun intre. Déixoo nas súas mans.

Córtase a conexión. ‘Neve’ na pantalla; e, a continuación, de novo a ‘porno’. Marcos penetra a Carolina con furia. Os xemidos convértense en oulidos, nun orgasmo conxunto.

CAROLINA [*Dándolle puñazos no peito e nos brazos*]: Idiota!... Imbecil!... Cabrón!...

MARTIÑO [*Como chegando do Máis Alá. Nun feble lamento*]: Caro...? [*Saloucan*.] Caro...? [*Marcos incorpórase. Ela recolle a súa roupa rapidamente e foxe escaleiras*

arriba.] *Caro...?* [Marcos axústase o mono, diante da grande fiestra. Na pantalla, os títulos de crédito da 'porno'.]

MARTIÑO [Intentando incorporarse]: Carolina! *Caro* onde estás? [Marcos achégase por detrás.] *Caro?* [Marcos cólleo por detrás e axúdalle a poñerse en pé.] Eh...?... Quen...? [Xira a cabeza.] Dani!! [Marcos sorrí. Martiño abrázase a el.] Oh, estás aquí Dani, viñeches! [Xeme, apretándose contra o seu peito] Oh, Dani!... Dani... Dani... Dani...!

Carolina, que se puxo a bata de seda que xa lle vimos noutro momento da obra, baixa apurada, disposta a afrontar a situación; pero fica cravada a metade da escaleira ao ver a Martiño abrazando choroso a Marcos, a quen chama Dani.

Óese a secuencia dun coche que se achega e se detén xunto á casa. A luz dos faros lambeu por un momento a gran fiestra. Abrir e pechar de portas e carreira de neno pola grava do xardín.

Ficaron todos petrificados, mirando cara á porta.

XAVIER [Á carreira, achegándose á porta principal]: Chamo eu!

CARLOS [Desde lonxe]: Non empuxes, capullo!

MARISA [Desde máis lonxe]: Sodes imposibles! Terei unha conversa moi seria cos vosos pais.

XAVIER [Premendo o timbre con insistencia]: Mami! Papi! Sorpresa!

Foi baixando a luz da escena, ata quedar tan só iluminada a pantalla do televisor.

Neve na pantalla do televisor. Escuro. Aparece de novo o 'set' na pantalla grande.

En primeiro plano, o rostro sorrinte de PATRICIA.

PATRICIA: Y ahora, a continuación, siguiendo con nuestra noche temática –*El sexo en el siglo XXI*–, podrán ustedes presenciar *El Show de Kinsey*. En él les espero; y les espero, además, con una sorpresa emotiva y sobrecogedora. Una primicia. Un hito periodístico, que les llenará de asombro e inquietud. [Pausa dramática.] Pero, eso será... después de la publicidad.

PATRICIA: Y usted ¿qué nos dice, doctor Celalla?

MARTIÑO: Desde los *reality shows*, los concursos estúpidos, las teleseries..., todo pasa por hurgar en la miseria, en la violencia y en el sexo. Hasta en los sorteos las azafatas tienen que ser *sexies*. La cuestión es echar carnaza a los leones en este circo romano.

PATRICIA: Por supuesto que... muchos programas...

MARTIÑO: Perdona, Patricia. Salvo profesionales como usted, lo digo muy sinceramente.

PATRICIA: Me ruboriza, doctor.

MARTIÑO: Invitaciones al sexo por todas partes, permanente idolatría de la sexualidad. Exhibicionismo. Mujeres casi desnudas, en *topless*, que se tumban junto a ti en la arena, aparentando indiferencia, pero gozando lujuriosas de la excitación que provocan en el vecino, de las fantasías sexuales que desencadenan.

CAROLINA: Y como el pobre no sabe nadar...

[Risos.]

MARTIÑO: La prensa del corazón, con sus chismorreos insufribles sobre la vida de los famosos... *Las divulgadoras sexuales y consejeras sentimentales*, dando, sin ningún reparo, consejos que sólo ayudan a desorientar, cuando no a orientar hacia decisiones y prácticas que convertirán las ansiedades y dudas en verdaderas patologías sexuales...

PATRICIA: ¡Cabrón!

[Risos.]

Aparece Harmonía no televisor. A partir deste momento ambas pantallas lanzarán as súas imaxes sen importar que a súa simultaneidade faga inintelixibles os diferentes parlamentos.

HARMONÍA: Falando de modelíños para a praia, lembran cando Francesco e eu estivemos en Borneo?... Non, non o poden lembrar, non eran vostedes. O de Borneo foi outro día. O tempo e o espazo..., xa saben... [Transición.] Ao que ía: segundo explica a tradición, os kenias de Borneo atravesábanse... Podo dicir unha vez *polla*?... Atravesábanse a *polla* cunha estela que, á súa vez imitaba a *polla*... –dúas veces, de acordo?– do rinoceronte de Sumatra. Hoxe fanse *piercings* que atravesan o membro e aumentan o pracer, din. [Transición.] Pois ben..., aquí lles presento a bonita creación de Francesco Buonorroti: ‘*El rinoceronte de Sumatra*’!

PATRICIA: Yo creo que este es un magnífico broche a vuestra intervención de esta noche. [R.] Me satisface esa comunión y armonía en vuestra relación profesional y de pareja. [R.] Vuestras opiniones sobre el Informe Kinsey nos han sido muy valiosas. Sé que se nos quedan muchas preguntas en el tintero, pero...

Música étnica de Sumatra. A presentación d' 'El rinoceronte de Sumatra' substitúe a Harmonía. É un audiovisual no que aparece o deseño en cuestión: un bañador tanga de tecido atigrado, cunhas protuberancias en forma de testículos e outra simulando o membro erecto, pegado ao baixo ventre. A protuberancia do membro está atravesada por unha especie de estela dourada e brillante, ampla na base e estreita na súa punta erecta.

Aparece de novo Harmonía.

Franceeeescooo!

Mirando a outra pantalla.

Arlecchino!

Flipada.

Francesco!

Amore!

Andiam! [*Amosando unha máscara veneciana.*] Os espíritos somos así. Sempre viaxando. [*De inmediato foi rodeada por un coro como o de Francesco.*]

[*Ao público.*] Claro, os espíritos alimentámonos só de espírito... Como non imos estar tolos?!

hemos consumido más tempo del que estaba previsto. [*Incorpóranse.*] Doctor Celalla... [*Estréitalle a man*], maravillosa Carol... [*danse dous bicos*], ha sido un verdadero placer teneros esta noche con nosotros. Muchas gracias.

Aplausos de despedida e sintonía do Show. Martiño sae de escena. A luz baixa, resaltando a Carolina e a Patricia. A súa acción vese en primerísimo plano e as súas voces resoan suaves.

CAROLINA [*Estendendo o maimiño e o polgar xunto á orella*]:
Chamámonos.

[*Sae.*]

PATRICIA: Ciao.

'Funde' a imaxe de Patricia, sobre a que se solapa un Francesco—Arlecchino de cara enmascarada de sarrio e vestido de retallos multicolores.

FRANCESCO: Presto! Vedlo qua!

Amontóanse xunto de Francesco máscaras venecianas, tralas que murmura unha música coral de antroido, acompañada de axóuxeres, e algúns instrumentos imitados coa boca.

A Venezia, amore! [*Ao público.*] Xa saben, en canto deixen de pensar en nós... [*cóbrese o rostro coa máscara*]... desapareceremos. Ciao.

Bailan Francesco e compañía na gran pantalla. O heteroxéneo colorido vai mesturándose e enlarafuzándose, ao mesmo tempo que se afastan coa súa música.

O obxectivo avanza vertixinosamente por un calidoscopio multicolor cara a un punto negro que acabará inundando a gran pantalla.

Na pantalla do televisor, Harmonía, cuberta pola máscara, leva o seu índice aos beizos. O seu 'Ssssh' resoa en voz baixa.

Escuro.

A luz da cociña acéndese; ilumínase tenuemente a escaleira e o resplandor azulado da noite baña o salón, á beira da gran fiestra.

Carolina dorme estirada no sofá, tal como quedou ao pouco de comezar a obra, cando gravaba no seu dictáfono.

Desapareceu da mesa o terceiro servizo, destinado a Dani, e a furna coas cinzas de Harmonía volveu ao moble dos andeis.

De súpeto ábrese a porta principal e entra Martiño, tal como o vimos na súa primeira aparición, con traxe e bolso de deporte na man.

MARTIÑO [*Acendendo a luz do vestíbulo*]: *Caro? [Percebe inmediatamente que algo se está queimando e corre cara á cociña. Abre o forno. Unha espesa fumareda sae de dentro. Abre a fiestra e a porta que dá ao xardín. Co trapo de cociña aventa frenético o fume.] Collóns, Carolina!! [Sae ao salón. Gritando cara a escaleira.] Carolina, por Deus!! DESPOIS DO NEGRO XA NON VÉN NINGUNHA OUTRA COR!!*

Carolina incorpórase sobresaltada. De momento non sabe que pasa. Mira a Martiño con desconcerto. Despois fica por uns segundos abstraída, mirando cara adiante cos ollos moi abertos, como se ante eles aínda pasasen imaxes do soño que acaba de ter.

Caro...?

O rostro de Carolina reláxase e adopta unha expresión serea e fría.

[*Mirando cara a Harmonía*]: *Arlecchino veneziano, da carità. Io servitore di due padroni? E una merda! Io sono Arlecchino..., il servo liiiiiberato... all'unico servizio di una dama: Harmonia!*

[*Reverencioso e cantarín*]. *Eccellenza, andiamo a Venezia, andiamo al carnival!*

Gli spiriti siamo così..., burloni... buffoni... loquitosss della testa.

Ed abbiamo durato quello che dura il mangiare spiritoso. È così. È la vita della morte. [A Harmonía.] Andiam, amore, a Venezia...!

Quindi effimeri come una rappresentazione teatrale.

Incorpórase e, con paso tranquilo, sen volver a mirar a Martiño en ningún momento, cruza por diante del en dirección á cociña.

Caro...

Carolina abre a neveira e saca a botella de Mumm. Apaga a luz da cociña e cruza por detrás de Martiño. El séguea coa mirada, xirando sobre si mesmo.

Que che pasa...?... Vai... todo... ben...?

Carolina pasa por tras da mesa. De cara ao público, balancea a botella de champán collida polo extremo do colo e golpea con ela a copa de Martiño, que cae esnaquizándose. Colle a súa e, cos brazos estendidos a ambos lados –a botella de champán nunha man e a copa na outra– sobe lentamente as escaleiras.

[Intentando un ton profesional e enérxico.] Carolina!

*Carolina desaparece escaleiras arriba e apaga a luz.
Martiño xira cara ao público con xesto grave e mirada extraviada.
Uns lánguidos compases de blues acompañan o descenso esmorecido da luz do vestíbulo, mentres a furna de Harmonía, delicadamente iluminada, desprázase con suavidade dun extremo ao outro dos andeis.*

Escuro.

<u>CONDUCTA SEXUAL</u>	<u>HOMBRES</u>	<u>MUJERES</u>
Práctica solitaria de la masturbación	92%	62%
Fantasías sexuales en la masturbación	89%	64%
Experiencia prematrimonial	67-98%*	50%
Sexo oral (antes del matrimonio)	10%	19,1%
Sexo oral (dentro del matrimonio)	48,9%	45,5%
Sexo anal (dentro del matrimonio)		11%
Alguna experiencia homosexual	46%	45%
Orgasmo con persona del mismo sexo	37%	13%
Sexo extramarital	50%	26%
Uso de la prostitución (al menos una vez)	69%	
Mujeres casadas que no habían llegado nunca al orgasmo		10%

Frecuencia semanal de coito: 2,8 en menores de 30 años; 2,2 en los 30 y los 40; 1 vez semanal en los 50.

*Dependiendo del nivel socioeconómico.